

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Física e Química

CURSO 2021-2022

(Adaptación á orde de avaliación LOMLOE)

IES Mugardos

Xaneiro 2022

ÍNDICE

	<u>páxina</u>
1. Portada.	1
2. Índice.	2
3. Introducción e contextualización da programación e do centro. Adaptación á situación provocada polo COVID19. Plan de recuperación.	3
4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave: perfís competenciais na materia e no nivel educativo.	6
5. Obxectivos xerais e específicos.	15
6. Estándares de aprendizaxe avaliábeis: temporalización-grao mínimo de consecución para superar a materia-procedementos e instrumentos de avaliación.	21
7. Metodoloxía didáctica. Posibles escenarios de traballo polo COVID19.	88
8. Materiais e recursos didácticos. Libros de texto.	91
9. Avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	92
10. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.	102
11. Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores.	103
12. Avaliación inicial.	104
13. Medidas de atención á diversidade.	105
14. Os temas transversais.	106
15. Actividades complementarias e extraescolares.	107
16. Procedementos para avaliar a programación.	107
17. EPÍGRAFES ADICIONAIS: Fomento da lectura.	108
18. EPÍGRAFES ADICIONAIS: Fomento das TIC.	112
19. EPÍGRAFES ADICIONAIS: Contribución ao plan de convivencia.	112
20. EPÍGRAFES ADICIONAIS: Contribución ao proxecto lingüístico.	113
21. EPÍGRAFES ADICIONAIS: Difusión e publicidade de información.	113

3. Introducción e contextualización da programación. Adaptación á situación provocada polo COVID19. Plan de recuperación.

- Contextualización do IES de Mugar dos.

O centro imparte os niveis educativos de ESO, Bacharelato de Ciencias e de Humanidades e Ciencias Sociais, FP básica de Agroxardaría e composicións florais e Educación secundaria para persoas adultas. Da cabida ao alumnado dos Concellos de Mugar dos e Ares, xa que o CPI As Mirandas está adscrito ao IES. Ten uns 30 anos de antigüidade e está situado nunha zoa alta da vila, coñecido como monte da Pandoira. Dispón de 2 plantas e unha superficie total construída duns 3700 m², un equipo de profesorado duns 34 profesionais ademais de 1 administrativo, 2 conserxes, 3 limpadoras e dispón de cafetería escolar. A matrícula de alumnado descendeu ao longo dos anos desde os 450 que chegou a acadar nos anos noventa ata os 238 do curso pasado.

Mugar dos e Ares son os concellos máis pequenos da provincia da Coruña, con 12,7 e 18,2 km² respectivamente. Ambos están situados na península de Bezoucos, que separa as rías de Ferrol e Ares. Mugar dos ten arredor de 5600 habitantes e Ares uns 5200. O nivel socio-económico da zona é medio, cunha media de 9000 euros por persoa como renda familiar dispoñible e un número de parados preto dos 400, o cal representa unha taxa de paro do 7,6%.

A actividade económica no sector primario está baseada no marisqueo e na pesca, aínda que esta perdeu moita da súa importancia, a cal se centraba eminentemente no polbo. No sector secundario hai que salientar a industria naval así como 2 empresas en concreto: Reganosa (empresa dedicada ao transporte e regasificación de gas natural) e Forestal del Atlántico (que obtén colas e resinas para a industria do taboleiro e papel). O resto da actividade económica está configurada polo comercio da zona e as actividades relacionadas co sector turístico.

- Contextualización lexislativa da programación didáctica do departamento.

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE) (BOE do 30 de decembro de 2020) constitúe o marco de referencia legal na que se insire esta programación. É unha lei de recente implantación, que trata de paliar as carencias observadas na anterior lei (LOMCE), recuperando e actualizando as directrices xerais da LOE do 2006. Non obstante, como a implantación da LOMLOE será secuencial, haberá un tempo onde convivirán aspectos das dúas leis. Concretamente este curso 2021-22 cambiará o relacionado coa avaliación e promoción pero manteráanse os currículos do Decreto 86/2015, do 25 de xuño (DOG do 29 de xuño de 2015) que serán substituídos nos cursos 2022-23 (cursos impares) e 2023-24 (cursos pares).

Neste tempo de transición entre leis sinalar que para a elaboración desta programación botouse man da Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro (BOE do 29 de xaneiro de 2015), na que se analizan as competencias clave, as relacións entre diferentes elementos do currículo e tamén algunhas orientacións metodolóxicas para poñer en práctica o tipo de ensinanza propugnada na LOMCE. A LOMLOE tamén propugna o traballo por competencias e baseáse nelas para avaliar ao alumnado e considerar se é apto para promocionar de curso ou titular.

Finalmente, a resolución do 27 de xullo de 2015 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa (DOG 29 de xullo de 2015), contén as instrucións nas que se basea a elaboración da presente programación didáctica.

A situación de pandemia mundial que estamos a vivir provocada pola COVID-19 está tendo moitas repercusións no sistema educativo o cal obriga a contemplar unha serie de medidas na redacción desta programación didáctica. As medidas contempladas desde a administración para este curso 2021-22 seguen a contemplar 3 escenarios de actuación para afrontar posibles casos de confinamento de alumnado:

- Presencial
- Semipresencial
- Telemático

A idea inicial é recuperar a presencialidade total na aula adoptando as medidas de seguridade axeitadas (tapabocas, aireación e distancia interpersoal, fixada agora nos 1,20m mínimo). No caso se non poder ser así botarase máis dos medios tecnolóxicos dispoñibles para chegar ata o alumno/a ou se a este/a lle é imposible a conexión, procederemos ao envío por medios ordinarios de información, traballo, etc.

- Carga lectiva do departamento durante o curso 2021/22.

O departamento de Física e Química do IES de Mugardos durante do curso 2021/22 vai ser unipersoal. Estará constituído por D. Juan José Guillín Fraga, que exercerá as funcións de Xefe de Departamento.

Ao departamento correspóndenlle 28 horas de docencia, repartidas do seguinte xeito:

- | | |
|---|--|
| • | Física e Química.....2º ESO (2 unidades x 3horas semanais = <u>6 horas</u>) |
| • | Física e Química.....3º ESO (1 unidade x 2horas semanais, pero desdobra = <u>4 horas</u>) |
| • | Física e Química.....4º ESO (1 unidade x 3horas semanais = <u>3 horas</u>) |
| • | Ciencias Apl. á Act. Prof. (CAAP).....4º ESO (1 unidade x 3horas semanais = <u>3 horas</u>) |
| • | Física e Química.....1º BAC (2 unidade x 4horas semanais = <u>8 horas</u>) |
| • | Física.....2º BAC (1 unidade x 4horas semanais = <u>4 horas</u>) |
| • | Química.....2º BAC (1 unidade x 4horas semanais = <u>4 horas</u>) |

Esta carga lectiva total é moi elevada para asumila totalmente dentro do departamento, polo que, tal como recolle a lexislación vixente (Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do decreto 324/1996) despois do primeiro claustro do curso paso a elixir os cursos nos que impartirá clase o departamento. Empezando por cursos superiores e priorizando as materias propias do departamento (FeQ) fronte ás afíns ao mesmo (CAAP), pode asumir 19 horas de docencia para deixar libres 6 horas de FeQ de 2ºESO e 3 h de CAAP, que asumirá o dpto. de Bioloxía e Xeoloxía.

Así mesmo levarase tamén o control do alumnado con materias pendentes do departamento de cursos anteriores. Na etapa de bacharelato hai 1 alumno de 2ºBAC coa FeQ pendente de 1ºBAC e en 4ºESO hai outros 2 coa FeQ suspensa de 3ºESO.

O horario semanal do xefe de departamento é o seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª (8:45-9:35)	3ºESO-DESD-B	3ºESO-DESD-A		QUÍM-2ºBAC	QUÍM-2ºBAC
2ª (9:35-10:25)	FeQ (a) 1ºBAC		FeQ (a) 1ºBAC	FeQ (b) 1ºBAC	FeQ (a) 1ºBAC
<u>tempo de lecer</u>					
3ª (10:45-11:35)	FÍS-2ºBAC	3ºESO-DESD-B	XD		FÍS-2ºBAC
4ª (11:35-12:25)	QUÍM-2ºBAC	FÍS-2ºBAC	4ºESO-B		
<u>tempo de lecer</u>		Garda de recreo (corredor)			Garda de recreo (corredor)
5ª(12:45-13:35)	At. FAMILIAS		FÍS-2ºBAC		G
6ª (13:35-14:25)	4ºESO-B	QUÍM-2ºBAC		4ºESO-B	3ºESO-DESD-A
<u>Tempo de comedor</u>					
Tardes 7ª (16:20-17:10)					
Tardes 8ª (17.10-18:00)					

4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave: perfís competenciais na materia e no nivel educativo.

Baseándose nas directrices recollidas na Recomendación 2006/962/EC, do 18 de decembro de 2006, a Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro (BOE do 29 de xaneiro de 2015), distingue as seguintes sete competencias clave:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

No decreto 86/2015 pódese atopar a asociación de cada un dos estándares de aprendizaxe avaliados ás competencias clave coas que está relacionado. Para facilitar a elaboración dos perfís competenciais de cada nivel educativo no centro, especifícanse a continuación, de entre todos os estándares, os que consideramos esenciais para a formación integral do alumno, xa que resumen o máis importante que pode achegar a materia de Física e Química ás distintas competencias clave.

En **2ºESO**:

Estándar de aprendizaxe: Comunicación lingüística (CCL) (9)
▪ FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.
Estándar de aprendizaxe: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) (54 en total)
▪ FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no sistema internacional de unidades.
▪ FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.
▪ FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.
▪ FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.
▪ FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.
▪ FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do sistema internacional.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.
<p>▪ Estándar de aprendizaxe: Competencia dixital (CD) (4 en total)</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as tic para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.
<p>▪ Estándar de aprendizaxe: Aprender a aprender (CAA) (9 en total)</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.
<p>▪ Estándar de aprendizaxe: Competencias sociais e cívicas (CSC) (6 en total)</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.
<p>▪ Estándar de aprendizaxe: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) (6 en total)</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.
<p>▪ Estándar de aprendizaxe: Conciencia e expresións culturais (CCEC) (2 en total)</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.

En **3ºESO**:

<p>Estándar de aprendizaxe: Comunicación lingüística (CCL) (7 en total)</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunícaos oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.5.1. Selecciona, comprende e interpreta información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas iupac.
<p>Estándar de aprendizaxe: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) (49 en total)</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no sistema internacional de unidades.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.1.3. Relaciona a notación A_ZX co número atómico e o número másico, determinando o número de cada tipo de partículas subatómicas básicas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.1.1. Representa e interpreta unha reacción química a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.4.1. Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os cfc e outros gases de efecto invernadoiro, en relación cos problemas ambientais de ámbito global.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.1.1. Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de electróns.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.3.1. Recoñece fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural do magnetismo, e describe a súa acción sobre distintos tipos de substancias magnéticas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB5.3.2. Comprende o significado das magnitudes eléctricas de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, e relaciónaas entre si empregando a lei de ohm.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estándar de aprendizaxe: Competencia dixital (CD) (6 en total)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as tic para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estándar de aprendizaxe: Aprender a aprender (CAA) (7 en total)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estándar de aprendizaxe: Competencias sociais e cívicas (CSC) (5 en total)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estándar de aprendizaxe: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) (6 en total)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB5.2.1. Interpreta datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial, e propón medidas que poidan contribuír ao aforro individual e colectivo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estándar de aprendizaxe: Conciencia e expresións culturais (CCEC) (3 en total)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.

En **4ºESO**:

Estándar de aprendizaxe: Comunicación lingüística (CCL) (8 en total)

- FQB1.1.2. Argumenta con espírito crítico o grao de rigor científico dun artigo ou dunha noticia, analizando o método de traballo e identificando as características do traballo científico.
- FQB2.6.1. Nomea e formula compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da iupac.

Estándar de aprendizaxe: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) (89 en total)

- FQB1.4.1. Comproba a homoxeneidade dunha fórmula aplicando a ecuación de dimensións aos dous membros.
- FQB2.1.2. Utiliza as tic ou aplicacións interactivas para visualizar a representación da estrutura da materia nos diferentes modelos atómicos.
- FQB2.5.1. Explica as propiedades de substancias covalentes, iónicas e metálicas en función das interaccións entre os seus átomos ou as moléculas.
- FQB2.10.1. Recoñece o grupo funcional e a familia orgánica a partir da fórmula de alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres e aminas.
- FQB3.2.1. Predí o efecto que sobre a velocidade de reacción teñen a concentración dos reactivos, a temperatura, o grao de división dos reactivos sólidos e os catalizadores.
- FQB3.5.2. Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos, con reactivos puros e supondo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución.
- FQB3.6.2. Establece o carácter ácido, básico ou neutro dunha disolución utilizando a escala de ph.
- FQB4.1.1. Representa a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, utilizando un sistema de referencia.
- FQB4.4.1. Resolve problemas de movemento rectilíneo uniforme (mru), rectilíneo uniformemente acelerado (mrua) e circular uniforme (mcu), incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresar o resultado en unidades do sistema internacional.
- FQB4.8.1. Interpreta fenómenos cotiáns en termos das leis de newton.
- FQB4.13.1. Xustifica razoadamente fenómenos en que se poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera.
- FQB5.1.1. Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.

Estándar de aprendizaxe: Competencia dixital (CD) (10 en total)

- FQB1.8.1. Elabora e defende un proxecto de investigación sobre un tema de interese científico, empregando as tic.

Estándar de aprendizaxe: Aprender a aprender (CAA) (9 en total)

- FQB1.9.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica:

procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.
▪ Estándar de aprendizaxe: Competencias sociais e cívicas (CSC) (9 en total)
▪ FQB1.1.1. Describe feitos históricos relevantes nos que foi definitiva a colaboración de científicos/as de diferentes áreas de coñecemento.
▪ Estándar de aprendizaxe: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) (8 en total)
▪ FQB4.5.2. Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos.
▪ Estándar de aprendizaxe: Conciencia e expresións culturais (CCEC) (7 en total)
▪ FQB1.1.1. Describe feitos históricos relevantes nos que foi definitiva a colaboración de científicos/as de diferentes áreas de coñecemento.

En **1ºBACH:**

Estándar de aprendizaxe: Comunicación lingüística (CCL) (8 en total)
▪ FQB1.1.6. A partir dun texto científico, extrae e interpreta a información, e argumenta con rigor e precisión, utilizando a terminoloxía adecuada.
Estándar de aprendizaxe: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) (93 Todos os do currículo)
▪ FQB1.1.2. Resolve exercicios numéricos e expresa o valor das magnitudes empregando a notación científica, estima os erros absoluto e relativo asociados e contextualiza os resultados.
▪ FQB2.4.1. Expresa a concentración dunha disolución en g/L, mol/L, porcentaxe en peso e en volume; leva a cabo e describe o procedemento de preparación no laboratorio de disolucións dunha concentración determinada e realiza os cálculos necesarios, tanto para o caso de solutos en estado sólido como a partir doutra de concentración coñecida.
▪ FQB3.2.3. Efectúa cálculos estequiométricos nos que interveñan compostos en estado sólido, líquido ou gasoso, ou en disolución en presenza dun reactivo limitante ou un reactivo impuro.
▪ FQB3.2.4. Aplica o rendemento dunha reacción na realización de cálculos estequiométricos.
▪ FQB4.1.1. Relaciona a variación da enerxía interna nun proceso termodinámico coa calor absorbida ou desprendida e o traballo realizado no proceso.
▪ FQB4.6.2. Xustifica a espontaneidade dunha reacción química en función dos factores entálpicos, antrópicos e da temperatura.
▪ FQB5.2.1. Formula e nomea segundo as normas da IUPAC compostos orgánicos sinxelos cunha función osixenada ou nitroxenada.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB6.3.2. Resolve exercicios prácticos de cinemática en dúas dimensións (movemento dun corpo nun plano) aplicando as ecuacións dos movementos rectilíneo uniforme (MRU) e movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB6.8.2. Resolve problemas relativos á composición de movementos descompoñéndoos en dous movementos rectilíneos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB6.9.2. Interpreta o significado físico dos parámetros que aparecen na ecuación do movemento harmónico simple.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB7.2.2. Resolve supostos nos que aparezan forzas de rozamento en planos horizontais ou inclinados, aplicando as leis de Newton.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB7.4.2. Explica o movemento de dous corpos en casos prácticos como colisións e sistemas de propulsión mediante o principio de conservación do momento lineal.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB7.9.2. Acha a forza neta que un conxunto de cargas exerce sobre unha carga problema utilizando a lei de Coulomb.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB8.1.1. Aplica o principio de conservación da enerxía para resolver problemas mecánicos, determinando valores de velocidade e posición, así como de enerxía cinética e potencial.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB8.2.1. Clasifica en conservativas e non conservativas, as forzas que interveñen nun suposto teórico xustificando as transformacións enerxéticas que se producen e a súa relación co traballo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estándar de aprendizaxe: Competencia dixital (CD) (5 en total)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.2.2. Establece os elementos esenciais para o deseño, a elaboración e a defensa dun proxecto de investigación, sobre un tema de actualidade científica, vinculado coa física ou a química, utilizando preferentemente as TIC.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estándar de aprendizaxe: Aprender a aprender (CAA) (6 en total)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.1.1. Aplica habilidades necesarias para a investigación científica: fai preguntas, identifica problemas, recolle datos, realiza experiencias, diseña e argumenta estratexias de resolución de problemas, utiliza modelos e leis, revisa o proceso e obtén conclusións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estándar de aprendizaxe: Competencias sociais e cívicas (CSC) (5 en total)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.3.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estándar de aprendizaxe: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) (7 en total)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.8.1. Analiza as consecuencias do uso de combustibles fósiles, relacionando as emisións de CO₂ co seu efecto na calidade de vida, o efecto invernadoiro, o quecemento global, a redución dos recursos naturais e outros, a partir de distintas fontes de información, e propón actitudes sustentables para reducir estes efectos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estándar de aprendizaxe: Conciencia e expresións culturais (CCEC) (3 en total)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.5.1. Analiza a importancia e a necesidade da investigación científica aplicada ao desenvolvemento de novos materiais, e a súa repercusión na calidade de vida, a partir de fontes de información científica.

Estándar de aprendizaxe: Comunicación lingüística (CCL) (4 en total)

- QUB1.4.2. Selecciona, comprende e interpreta información relevante nunha fonte de información de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.

Estándar de aprendizaxe: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) (93 Todos os do currículo)

- QUB1.2.1. Utiliza o material e os instrumentos de laboratorio empregando as normas de seguridade adecuadas para a realización de experiencias químicas.

- QUB2.2.1. Diferencia o significado dos números cuánticos segundo Bohr e a teoría mecanocuántica que define o modelo atómico actual, en relación co concepto de órbita e orbital.

- QUB2.6.1. Xustifica a reactividade dun elemento a partir da estrutura electrónica ou a súa posición na táboa periódica.

- QUB2.10.2. Representa a xeometría molecular de distintas substancias covalentes aplicando a TEV e a TRPECV.

- QUB3.5.1. Acha o valor das constantes de equilibrio, K_c e K_p , para un equilibrio en diferentes situacións de presión, volume ou concentración.

- QUB3.7.1. Relaciona a solubilidade e o produto de solubilidade aplicando a lei de Guldberg e Waage en equilibrios heteroxéneos sólido-líquido, e aplícao experimentalmente como método de separación e identificación de mesturas de sales disolvidos.

- QUB3.8.1. Aplica o principio de Le Chatelier para predicir a evolución dun sistema en equilibrio ao modificar a temperatura, a presión, o volume ou a concentración que o definen, utilizando como exemplo a obtención industrial do amoníaco.

- QUB3.12.1. Identifica o carácter ácido, básico ou neutro, e a fortaleza ácido-base de distintas disolucións segundo o tipo de composto disolvido nelas, e determina teoricamente e experimentalmente o valor do pH destas.

- QUB3.18.1. Identifica reaccións de oxidación-redución empregando o método do ión-electrón para axustalas.

- QUB3.19.2. Deseña unha pila coñecendo os potenciais estándar de redución, utilizándoos para calcular o potencial xerado formulando as semirreaccións redox correspondentes, e constrúe unha pila Daniell.

- QUB4.4.1. Identifica e explica os principais tipos de reaccións orgánicas (substitución, adición, eliminación, condensación e redox), predicindo os produtos, se é necesario.

- QUB4.9.1. Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial como polietileno, PVC, poliestireno, caucho, poliamidas e poliésteres, poliuretanos e baquelita.

▪ Estándar de aprendizaxe: Competencia dixital (CD) (4 en total)

- QUB1.3.2. Localiza e utiliza aplicacións e programas de simulación de prácticas de laboratorio.

▪ Estándar de aprendizaxe: Aprender a aprender (CAA) (5 en total)

- QUB1.1.1. Aplica habilidades necesarias para a investigación científica traballando tanto individualmente como en grupo, formulando preguntas, identificando problemas, recollendo datos mediante a observación ou a experimentación, analizando e comunicando os resultados, e desenvolvendo explicacións mediante a realización dun informe final.

▪ Estándar de aprendizaxe: Competencias sociais e cívicas (CSC) (9 en total)

- QUB4.12.1. Recoñece as utilidades que os compostos orgánicos teñen en sectores como a alimentación, a agricultura, a biomedicina, a enxeñaría de materiais e a enerxía, fronte ás posibles desvantaxes que leva consigo o seu desenvolvemento.

▪ Estándar de aprendizaxe: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) (2 en total)

- QUB1.3.3. Realiza e defende un traballo de investigación utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.

▪ Estándar de aprendizaxe: Conciencia e expresións culturais (CCEC) (2 en total)

- QUB2.1.1. Explica as limitacións dos distintos modelos atómicos en relación cos feitos experimentais que levan asociados.

En 2ºBACH-FÍSICA

Estándar de aprendizaxe: Comunicación lingüística (CCL) (8 en total)

- FSB1.2.4. Selecciona, comprende e interpreta información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.

Estándar de aprendizaxe: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) (110 Todos os do currículo)

- FSB2.1.1. Diferencia os conceptos de forza e campo, establecendo unha relación entre a intensidade do campo gravitatorio e a aceleración da gravidade.
- FSB2.5.1. Deduce a velocidade orbital dun corpo, a partir da lei fundamental da dinámica, e relaciónaa co raio da órbita e a masa do corpo.
- FSB3.6.1. Determina o campo eléctrico creado por unha esfera cargada aplicando o teorema de Gauss.
- FSB3.8.1. Describe o movemento que realiza unha carga cando penetra nunha rexión onde existe un campo magnético e analiza casos prácticos concretos, como os espectrómetros de masas e os aceleradores de partículas.
- FSB3.10.3. Establece a relación que debe existir entre o campo magnético e o campo eléctrico para que unha partícula cargada se mova con movemento rectilíneo uniforme aplicando a lei fundamental da dinámica e a lei de Lorentz.
- FSB3.12.1. Establece, nun punto dado do espazo, o campo magnético resultante debido a dous ou máis

condutores rectilíneos polos que circulan correntes eléctricas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB3.17.1. Calcula a forza electromotriz inducida nun circuíto e estima a dirección da corrente eléctrica aplicando as leis de Faraday e Lenz.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB4.7.1. Interpreta os fenómenos de interferencia e a difracción a partir do principio de Huygens.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB4.8.1. Experimenta e xustifica o comportamento da luz ao cambiar de medio, aplicando a lei de Snell, coñecidos os índices de refracción.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB4.11.1. Identifica a relación logarítmica entre o nivel de intensidade sonora en decibeles e a intensidade do son, aplicándoa a casos sinxelos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB5.2.2. Obtén o tamaño, a posición e a natureza da imaxe dun obxecto producida por un espello plano e unha lente delgada, realizando o trazado de raios e aplicando as ecuacións correspondentes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB6.3.1. Discute os postulados e os aparentes paradoxos asociados á teoría especial da relatividade e a súa evidencia experimental.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB6.7.1. Compara a predición clásica do efecto fotoeléctrico coa explicación cuántica postulada por Einstein, e realiza cálculos relacionados co traballo de extracción e a enerxía cinética dos fotoelectróns.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB6.13.2. Realiza cálculos sinxelos relacionados coas magnitudes que interveñen nas desintegracións radioactivas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estándar de aprendizaxe: Competencia dixital (CD) (10 en total)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB2.6.1. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para o estudo de satélites de órbita media (MEO), órbita baixa (LEO) e de órbita xeostacionaria (GEO), e extrae conclusións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estándar de aprendizaxe: Aprender a aprender (CAA) (9 en total)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB1.1.3. Resolve exercicios nos que a información debe deducirse a partir dos datos proporcionados e das ecuacións que rexen o fenómeno, e contextualiza os resultados.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estándar de aprendizaxe: Competencias sociais e cívicas (CSC) (6 en total)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB6.12.1. Describe os principais tipos de radioactividade incidindo nos seus efectos sobre o ser humano, así como as súas aplicacións médicas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estándar de aprendizaxe: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) (6 en total)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB4.19.3. Deseña un circuíto eléctrico sinxelo capaz de xerar ondas electromagnéticas, formado por un xerador, unha bobina e un condensador, e describe o seu funcionamento.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estándar de aprendizaxe: Conciencia e expresións culturais (CCEC) (4 en total)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB4.19.1. Recoñece aplicacións tecnolóxicas de diferentes tipos de radiacións, nomeadamente infravermella, ultravioleta e microondas.

5. Obxectivos.

Introdución

Os *obxectivos xerais* na etapa educativa de ESO e BAC aparecen recollidos no decreto 86/2015, nos seus artigos 10 e 26 respectivamente. Non obstante, para cada curso en cada materia contéplase un conxunto de obxectivos máis específicos, indicados para traballar principalmente a formación do alumno nesa materia, neste caso a formación científica. Propóñense os seguintes

2ºESO

- Observar o medio que nos rodea de xeito crítico e analítico, aplicando as características da metodoloxía científica.
- Recoñecer os principais instrumentos e materiais presentes nun laboratorio de secundaria de física e química.
- Coñecer e usar correctamente as unidades do Sistema Internacional (SI).
- Interconverter unha unidade noutra mediante factores de conversión.
- Interpretar correctamente os símbolos empregados na etiquetaxe de produtos químicos.
- Analizar con propiedade un texto de carácter científico.
- Describir o comportamento da materia segundo a teoría cinético-molecular.
- Distinguir os distintos xeitos en que pode presentarse a materia.
- Coñecer os principais cambios de estado que se poden dar na materia.
- Identificar una disolución e saber expresar a súa concentración en g/L.
- Describir algún método para separar os compoñentes dunha mestura.
- Distinguir entre cambios físicos e químicos.
- Identifica unha reacción química e é quen de representar algunhas sinxelas mediante unha ecuación.
- Recoñecer a importancia da industria química no progreso social.
- Valorar a repercusión medio ambiental que ten a industria química.
- Entender o concepto de forza como causa de deformacións e movementos.
- Calcular velocidades a partir de espazos percorridos e tempos.
- Interpretar correctamente gráficas de movemento e-t e v-t
- Calcular aceleracións a partir de velocidades e tempos.
- Saber explicar o funcionamento dalgunha máquina simple.
- Explicar o fundamento da forza de rozamento.
- Identificar a forza gravitatoria e explicar a importancia que xoga na comprensión do Universo.
- Explicar qué é a enerxía.
- Coñecer os diferentes tipos de enerxía máis importantes.
- Relacionar a enerxía coa calor e coa temperatura mediante a Teoría Cinético Molecular (TCM).
- Interpretar os efectos da enerxía térmica sobre os corpos.
- Sopesar o papel que xoga na enerxía no desenvolvemento sostible do planeta.

3ºESO

- Observar o medio que nos rodea de xeito crítico e analítico, aplicando as características da metodoloxía científica.
- Recoñecer os principais instrumentos e materiais presentes nun laboratorio de secundaria de física e química.
- Coñecer e usar correctamente as unidades do SI.
- Interconverter unha unidade noutra mediante factores de conversión.
- Analizar con propiedade e de xeito crítico un texto de carácter científico.
- Coñecer a disposición no átomo das partículas elementais: protón, neutrón e electrón.
- Establecer as diferenzas entre os modelos atómicos máis importantes ao longo da historia.
- Saber “etiquetar” unha especie química.
- Coñecer as características básicas da táboa periódica actual.
- Recoñecer os principais enlaces químicos.
- Identificar as estruturas químicas máis sinxelas: ións, átomos, moléculas.
- Calcular masas moleculares.
- Saber formular e nomear mediante linguaxe química IUPAC os principais compostos binarios.
- Distinguir un cambio químico doutro físico e saber expresar o químico mediante unha ecuación química.
- Realizar cálculos estequiométricos básicos en masa en diferentes reaccións químicas, que cumpran a lei de Lavoisier.
- Describir a influencia de diversos factores na velocidade de reacción, de xeito cualitativo.
- Valorar a importancia da industria química na sociedade actual e as súas repercusións medio ambientais.

4ºESO

- Coñecer o xeito de traballar correctamente en ciencia e enmarcalo no contexto socio-económico no que se produce.
- Distinguir entre magnitudes escalares e vectoriais.
- Comprobar que as fórmulas que relacionan magnitudes son coherentes e homoxéneas nas súas unidades.
- Calcular o erro absoluto e relativo asociado a unha medida.
- Expresar resultados co número correcto de cifras significativas.
- Interpretar gráficas nas que se relacionen diferentes magnitudes.
- Elaborar un proxecto de investigación en equipo e expoñelo en público coa axuda das TIC.
- Explicar a composición da materia segundo os diferentes modelos atómicos.
- Determinar a configuración electrónica dunha especie química e relacionala coa súa posición na táboa periódica.
- Coñecer a evolución histórica da táboa periódica e a súa utilidade.

- Coñecer as características dos principais enlaces químicos, relacionalos coa configuración electrónica dos elementos implicados e explicar as propiedades que confiren ás substancias que os posúen.
- Saber formular e nomear compostos químicos ternarios segundo criterio IUPAC principalmente; ou Stock ou tradicional cando sexa pertinente.
- Recoñecer as forzas intermoleculares máis importantes.
- Identificar un composto orgánico e xustificar a súa abundancia en base á importancia do carbono.
- Recoñecer diferentes fórmulas para representar un hidrocarburo.
- Distinguir diferentes compostos orgánicos importantes dependendo do grupo funcional que conteñan: alcois, aldehidos, cetonas, ácidos, ésteres e aminas.
- Identificar e explicar a nivel molecular un cambio químico.
- Comprobar a Lei de conservación da masa nun cambio químico.
- Describir a influencia de diversos factores na velocidade de reacción.
- Distinguir nas ecuacións termoquímicas as exotérmicas e as endotérmicas.
- Explicar o concepto de mol e o papel esencial que xoga nos cálculos estequiométricos.
- Realizar cálculos estequiométricos en masa ou volume en diferentes reaccións químicas axustadas e con 100% de rendemento.
- Distinguir un ácido e unha base e medir o pH dun medio como parámetro identificativo.
- Identificar reaccións importantes de síntese, ácido-base ou combustión e valorar o papel que xogan no desenvolvemento económico e industrial hoxe en día.
- Explicar o carácter relativo do movemento.
- Describir os movementos máis sinxelos interpretando as súas gráfica e-t, e v-t.
- Deducir a ecuación de movemento dun móbil que segue un MRU, MRUA ou MCU.
- Comprender o carácter vectorial da magnitude forza e os cambios aos que pode dar lugar nun corpo.
- Saber compoñer varias forzas.
- Coñecer e saber aplicar as tres leis da dinámica de Newton así como a lei de Hooke e a Lei de Gravitación Universal.
- Coñecer a importancia que teñen na sociedade actual os satélites artificiais.
- Explicar o concepto de presión.
- Entender as bases da hidrostática e aplicar os seus principios na resolución de problemas sinxelos.
- Explicar algún fenómeno meteorolóxico importante en base ao concepto de presión atmosférica.
- Explicar en qué consiste o principio de conservación da enerxía.
- Realizar cálculos de traballo, potencia, enerxía cinética e enerxía potencial.
- Entender a calor como unha forma de transmitir enerxía e medir a súa transferencia.
- Explicar os distintos efectos que pode producir a calor nos corpos.
- Explicar o funcionamento dun motor de explosión como exemplo de máquina térmica.

FÍSICA E QUÍMICA 1ºBAC

- Aplicar correctamente as características do método científico para levar a cabo investigacións e interpreta con rigor textos científicos facendo deducións argumentadas.
- Levar a cabo sen dificultade cálculos matemáticos que permiten resolver ecuacións e expresa os resultados de xeito coherente e preciso.
- Facer uso da ecuación de estado dos gases ideais para establecer relacións entre volume, presión e temperatura, así como deducir fórmulas empíricas e moleculares.
- Aplicar a lei de Dalton correctamente para a dedución de presións parciais en gases.
- Saber prepara correctamente unha disolución e expresar a súa concentración en g/l, mol/l e tanto por cento en volume ou masa.
- Identificar unha reacción química e efectuar cálculos estequiométricos diversos que impliquen o uso dos conceptos de pureza, rendemento ou reactivo limitante.
- Aplicar os principios da termodinámica para determinar a entalpía ou a entropía posta en xoga nun proceso termoquímico.
- Relacionar a Enerxía libre de Gibbs coa espontaneidade dun proceso químico.
- Formular e nomear segundo criterios IUPAC hidrocarburos de cadea aberta e pechada, aromáticos e diversos compostos con grupos funcionais de osixeno e nitróxeno.
- Entender os principais conceptos de isomería relacionados co carbono.
- Identificar diferentes formas alotrópicas do carbono e describe algunha das súas propiedades.
- Usar as expresións vectoriais para deducir as magnitudes que caracterizan un MRU ou un MRUA: posición, velocidade e aceleración.
- Interpretar o movemento dun corpo en función das súas gráficas de movemento.
- Resolver exercicios nos que aparezan composición de movementos MRU e MRUA: tiro horizontal ou parabólico.
- Identificar, saber interpretar e deducir diferentes magnitudes relacionadas co movemento harmónico simple (MHS).
- Identificar todas as forzas que actúan sobre un corpo e deducir o seu estado de movemento en función das mesmas.
- Resolver problemas de dinámica de plano horizontal ou inclinado, rozamento, muelles ou cordas.
- Aplicar o principio de conservación do momento lineal para resolver problemas de colisións.
- Determinar as magnitudes características dos movementos de corpos celestes sometidos a forzas centrais.
- Resolver problemas de electrostática aplicando a Lei de Coulomb.
- Aplicar a lei de conservación da enerxía para resolver casos prácticos.
- Distinguir forzas conservativas e non conservativas.

QUÍMICA 2ºBAC

- Manexar correctamente o material de laboratorio habitual.
- Recabar información de diferentes fontes e sintetizala nun traballo escrito ou oral redactado de xeito coherente segundo as pautas científicas e facendo uso dos recursos TIC axeitados.
- Explicar a estrutura atómica interna ata o nivel de quark.
- Coñecer os diferentes modelos atómicos, principalmente o de Böhr.
- Explicar a variación regular de determinadas propiedades na táboa periódica.
- Predicir a xeometría molecular en base á TEV ou á TRPECV.
- Determinar a ecuación de velocidade dun proceso e explicar a influencia na velocidade de reacción de determinados factores.
- Calcular os valores das distintas constantes de equilibrio.
- Predicir a evolución dun sistema en equilibrio ao variar determinados parámetros segundo a lei de Le Chatelier.
- Calcular a solubilidade dun sal e predicir a súa variación ao modificar determinados factores do sistema.
- Calcular o pH dun medio en función das sustancias implicadas.
- Describir o procedemento correcto para levar a cabo unha volumetría ácido-base.
- Identificar as sustancias reductoras e oxidantes nun determinado medio.
- Empregar o método do ión-electrón no axuste de procesos redox.
- Explicar o funcionamento dunha pila Daniell.
- Saber aplicar as leis de Faraday no cálculo das cantidades depositadas nun electrodo na electrólise.
- Identificar diferentes compostos orgánicos segundo o grupo funcional.
- Coñecer os principais tipos de isomería máis importantes.
- Predicir o resultado das principais reaccións orgánicas.
- Coñecer e saber explicar os principais procesos de preparación de polímeros.

FÍSICA 2ºBAC

- Resolver ecuacións matemáticas produto da aplicación de leis físicas levando a cabo despxes axeitados e interpretación de resultados correcta.
- Entender o concepto de campo gravitatorio e saber representar as súas liñas de campo e superficies de enerxía equipotenciais.
- Resolver problemas de satélites empregando os conceptos clave do campo gravitatorio.
- Entender os conceptos máis importantes relacionados co campo eléctrico e aplicarlos na resolución de problemas que impliquen a determinación de forzas, intensidade, potencial, enerxía potencial ou traballo.
- Explicar o carácter non conservativo do campo magnético.
- Predicir a traxectoria dunha partícula cargada no seo dun campo magnético como base do funcionamento dun ciclotrón.

- Empregar a lei de Ampere para calcular a intensidade do campo magnético creado por liñas de corrente.
- Facer uso apropiado das leis de Faraday-Henry e Lenz nos problemas de inducción electromagnética.
- Caracterizar o movemento ondulatorio mediante unha ecuación matemática.
- Enteder o principio de Huygens para entender a propagación das ondas así como os fenómenos de interferencia e difracción asociados.
- Aplicar a lei de Snell correctamente nos fenómenos de refracción da luz.
- Explicar o efecto Doppler e entender a escala logarítmica na medición da intensidade do son.
- Identificar as ondas electromagnéticas e as propiedades e fenómenos máis importantes que levan asociados.
- Obter o tamaño, posición e natureza dunha imaxe formada ao interaccionar a luz cun espello ou cunha lente.
- Explicar o funcionamento óptico de aparellos como unha cámara fotográfica, unha lupa, un telescopio ou un microscopio.
- Entender as bases da teoría da relatividade e facer cálculos sinxelos de dilatación do tempo ou contracción da masa dun corpo aplicando as transformacións de Lorentz.
- Explicar o efecto fotoeléctrico e resolver problemas asociados tendo en conta a hipótese de Planck e a explicación cuántica de Einstein.
- Comprender as bases da física cuántica e saber explicar os fenómenos asociados máis importantes.
- Entender o carácter logarítmico da desintegración radiactiva e facer cálculos sinxelos asociados.
- Dar unha explicación coherente sobre a orixe do Universo segundo a teoría do Big Bang, presentando probas da mesma.
- Ofrecer unha aproximación á descrición dos fenómenos da natureza baseada nas 4 interaccións principais.

Os obxectivos específicos propostos en cada curso están directamente relacionados cos criterios de avaliación que aparecen no decreto 86/2015. De todos os xeitos, existe un nivel último de concreción que tamén afecta aos obxectivos, que son os estándares de aprendizaxe porque estes son unha maneira de explicitar o que pretendemos que o alumno/a chegue a alcanzar, é dicir, un obxectivo en si mesmos. De feito, ao final da cadea de aprendizaxe, na LOMCE establécese unha relación directa destes estándares coas competencias clave que traballan. A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro (BOE do 29 de xaneiro de 2015), describe a relación que teñen que ter estes elementos curriculares. Dáse conta deses estándares no apartado seguinte.

6. Estándares de aprendizaxe avaliábeis: temporalización-grao mínimo de consecución para superar a materia-procedementos e instrumentos de avaliación.

A LOMCE propugnou un cambio de terminoloxía didáctica. Aparecen os estándares de aprendizaxe, porque estes achegan unha connotación máis práctica e real da aprendizaxe. Por iso, máis que repartir contidos en 3 avaliacións, repartimos estándares para traballar. Pero antes de presentar o reparto que consideramos máis axeitado convén facer unha pequena introdución explicando determinados conceptos que emprega a LOMCE.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Principio de Huygens. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Utilizar o principio de Huygens para comprender e interpretar a propagación das ondas e os fenómenos ondulatorios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB4.6.1. Explica a propagación das ondas utilizando o principio Huygens. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Fenómenos ondulatorios: interferencia e difracción, reflexión e refracción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Recoñecer a difracción e as interferencias como fenómenos propios do movemento ondulatorio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB4.7.1. Interpreta os fenómenos de interferencia e a difracción a partir do principio de Huygens. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Principio de Huygens. ▪ B4.8. Leis de Snell. ▪ B4.9. Índice de refracción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.8. Empregar as leis de Snell para explicar os fenómenos de reflexión e refracción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB4.8.1. Experimenta e xustifica o comportamento da luz ao cambiar de medio, aplicando a lei de Snell, coñecidos os índices de refracción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Principio de Huygens. ▪ B4.9. Índice de refracción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.9. Relacionar os índices de refracción de dous materiais co caso concreto de reflexión total. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB4.9.1. Obtén o coeficiente de refracción dun medio a partir do ángulo formado pola onda reflectida e refractada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB4.9.2. Considera o fenómeno de reflexión total como o principio físico subxacente á propagación da luz nas fibras ópticas e a súa relevancia nas telecomunicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.10. Ondas lonxitudinais. O son. ▪ B4.11. Efecto Doppler. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.10. Explicar e recoñecer o efecto Doppler en sons. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB4.10.1. Recoñece situacións cotiás nas que se produce o efecto Doppler, e xustificaas de forma cualitativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.12. Enerxía e intensidade das ondas sonoras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.11. Coñecer a escala de medición da intensidade sonora e a súa 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB4.11.1. Identifica a relación logarítmica entre o nivel de intensidade sonora en decibels e a intensidade do son, aplicándoa a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2

Física. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Parcial	Proced. /Instr. Aval.
		unidade.	casos sinxelos.			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.12. Enerxía e intensidade das ondas sonoras. ▪ B4.13. Contaminación acústica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.12. Identificar os efectos da resonancia na vida cotiá: ruído, vibracións, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB4.12.1. Relaciona a velocidade de propagación do son coas características do medio en que se propaga. ▪ FSB4.12.2. Analiza a intensidade das fontes de son da vida cotiá e clasifícaa como contaminantes e non contaminantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2º ▪ 2º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2 ▪ 1,2,3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.14. Aplicacións tecnolóxicas do son. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.13. Recoñecer determinadas aplicacións tecnolóxicas do son como a ecografía, o radar, o sonar, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB4.13.1. Coñece e explica algunhas aplicacións tecnolóxicas das ondas sonoras, como a ecografía, o radar, o sonar, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2,3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.15. Ondas electromagnéticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.14. Establecer as propiedades da radiación electromagnética como consecuencia da unificación da electricidade, o magnetismo e a óptica nunha única teoría. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB4.14.1. Representa esquematicamente a propagación dunha onda electromagnética incluíndo os vectores do campo eléctrico e magnético. ▪ FSB4.14.2. Interpreta unha representación gráfica da propagación dunha onda electromagnética en termos dos campos eléctrico e magnético e da súa polarización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2º ▪ 2º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2 ▪ 1,2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.16. Natureza e propiedades das ondas electromagnéticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.15. Comprender as características e as propiedades das ondas electromagnéticas, como a súa lonxitude de onda, polarización ou enerxía, en fenómenos da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB4.15.1. Determina experimentalmente a polarización das ondas electromagnéticas a partir de experiencias sinxelas, utilizando obxectos empregados na vida cotiá. ▪ FSB4.15.2. Clasifica casos concretos de ondas electromagnéticas presentes na vida cotiá en función da súa lonxitude de onda e a súa enerxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2º ▪ 2º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2,4 ▪ 1,2,3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.16. Natureza e propiedades das ondas electromagnéticas. ▪ B4.17. Dispersión. A cor. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.16. Identificar a cor dos corpos como a interacción da luz con eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB4.16.1. Xustifica a cor dun obxecto en función da luz absorbida e reflectida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.16. Natureza e propiedades das ondas electromagnéticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.17. Recoñecer os fenómenos ondulatorios estudados en fenómenos relacionados coa luz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB4.17.1. Analiza os efectos de refracción, difracción e interferencia en casos prácticos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.16. Natureza e propiedades das ondas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.18. Determinar as principais características 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB4.18.1. Establece a natureza e as características dunha onda 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2

Física. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Parcial	Proced. /Instr. Aval.
	electromagnéticas. ▪ B4.18. Espectro electromagnético.	da radiación a partir da súa situación no espectro electromagnético.	electromagnética dada a súa situación no espectro. ▪ FSB4.18.2. Relaciona a enerxía dunha onda electromagnética coa súa frecuencia, a lonxitude de onda e a velocidade da luz no baleiro.	▪ CMCCT	▪ 2º	▪ 1,2
▪ h ▪ i ▪ l ▪ m	▪ B4.19. Aplicacións das ondas electromagnéticas no espectro non visible.	▪ B4.19. Coñecer as aplicacións das ondas electromagnéticas do espectro non visible.	▪ FSB4.19.1. Recoñece aplicacións tecnolóxicas de diferentes tipos de radiacións, nomeadamente infravermella, ultravioleta e microondas. ▪ FSB4.19.2. Analiza o efecto dos tipos de radiación sobre a biosfera en xeral, e sobre a vida humana en particular. ▪ FSB4.19.3. Deseña un circuito eléctrico sinxelo capaz de xerar ondas electromagnéticas, formado por un xerador, unha bobina e un condensador, e describe o seu funcionamento.	▪ CD ▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CSIEE	▪ 2º	▪ 1,2,3 ▪ 1,2 ▪ 1,2,4
▪ g ▪ h ▪ i ▪ l	▪ B4.20. Transmisión da comunicación.	▪ B4.20. Recoñecer que a información se transmite mediante ondas, a través de diferentes soportes.	▪ FSB4.20.1. Explica esquematicamente o funcionamento de dispositivos de almacenamento e transmisión da información.	▪ CD ▪ CMCCT	▪ 2º	▪ 1,2,3
Bloque 5. Óptica xeométrica						
▪ i ▪ l	▪ B5.1. Leis da óptica xeométrica.	▪ B5.1. Formular e interpretar as leis da óptica xeométrica.	▪ FSB5.1.1. Explica procesos cotiáns a través das leis da óptica xeométrica.	▪ CMCCT	▪ 3º	▪ 1,2
▪ h ▪ i ▪ l	▪ B5.2. Sistemas ópticos: lentes e espellos.	▪ B5.2. Valorar os diagramas de raios luminosos e as ecuacións asociadas como medio que permite predicir as características das imaxes formadas en sistemas ópticos.	▪ FSB5.2.1. Demostra experimentalmente e graficamente a propagación rectilínea da luz mediante un xogo de prismas que conduzan un feixe de luz desde o emisor ata unha pantalla. ▪ FSB5.2.2. Obtén o tamaño, a posición e a natureza da imaxe dun obxecto producida por un espello plano e unha lente delgada, realizando o trazado de raios e aplicando as ecuacións correspondentes.	▪ CMCCT ▪ CMCCT	▪ 3º	▪ 1,2,4 ▪ 1,2
▪ h ▪ i ▪ l	▪ B5.3. Olo humano. Defectos visuais.	▪ B5.3. Coñecer o funcionamento óptico do olo humano e os seus defectos, e comprender o efecto das lentes na	▪ FSB5.3.1. Xustifica os principais defectos ópticos do olo humano (miopía, hipermetropía, presbicia e astigmatismo), empregando para iso un diagrama de raios.	▪ CMCCT	▪ 3º	▪ 1,2,3

Física. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Parcial	Proced. /Instr. Aval.
		corrección deses efectos.				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Aplicacións tecnolóxicas: instrumentos ópticos e a fibra óptica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Aplicar as leis das lentes delgadas e espellos planos ao estudo dos instrumentos ópticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB5.4.1. Establece o tipo e disposición dos elementos empregados nos principais instrumentos ópticos, tales como lupa, microscopio, telescopio e cámara fotográfica, realizando o correspondente trazado de raios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2,3
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB5.4.2. Analiza as aplicacións da lupa, o microscopio, o telescopio e a cámara fotográfica, considerando as variacións que experimenta a imaxe respecto ao obxecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2,3
Bloque 6. Física do século XX						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Introducción á teoría especial da relatividade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Valorar a motivación que levou a Michelson e Morley a realizar o seu experimento e discutir as implicacións que del se derivaron. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB6.1.1. Explica o papel do éter no desenvolvemento da teoría especial da relatividade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2,3
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB6.1.2. Reproduce esquematicamente o experimento de Michelson-Morley, así como os cálculos asociados sobre a velocidade da luz, e analiza as consecuencias que se derivaron. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2,3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Orixe da física cuántica. Problemas precursores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Aplicar as transformacións de Lorentz ao cálculo da dilatación temporal e á contracción espacial que sofre un sistema cando se despraza a velocidades próximas ás da luz respecto a outro dado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB6.2.1. Calcula a dilatación do tempo que experimenta un observador cando se despraza a velocidades próximas ás da luz con respecto a un sistema de referencia dado, aplicando as transformacións de Lorentz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2,3
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB6.2.2. Determina a contracción que experimenta un obxecto cando se atopa nun sistema que se despraza a velocidades próximas ás da luz con respecto a un sistema de referencia dado, aplicando as transformacións de Lorentz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2,3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Física cuántica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Coñecer e explicar os postulados e os aparentes paradoxos da física relativista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB6.3.1. Discute os postulados e os aparentes paradoxos asociados á teoría especial da relatividade e a súa evidencia experimental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2,3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Enerxía relativista. Enerxía total e enerxía 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Establecer a equivalencia entre masa e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB6.4.1. Expresa a relación entre a masa en repouso dun corpo e a súa 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2,3

Física. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Parcial	Proced. /Instr. Aval.
▪ j	en repouso.	enerxía, e as súas consecuencias na enerxía nuclear.	velocidade coa enerxía deste a partir da masa relativista.			
▪ h ▪ i ▪ l	▪ B6.5. Insuficiencia da física clásica.	▪ B6.5. Analizar as fronteiras da física a finais do século XIX e principios do século XX, e pór de manifesto a incapacidade da física clásica para explicar determinados procesos.	▪ FSB6.5.1. Explica as limitacións da física clásica ao enfrontarse a determinados feitos físicos, como a radiación do corpo negro, o efecto fotoeléctrico ou os espectros atómicos.	▪ CMCCT	▪ 3º	▪ 1,2,3
▪ i ▪ j	▪ B6.6. Hipótese de Planck.	▪ B6.6. Coñecer a hipótese de Planck e relacionar a enerxía dun fotón coa súa frecuencia e a súa lonxitude de onda.	▪ FSB6.6.1. Relaciona a lonxitude de onda e a frecuencia da radiación absorbida ou emitida por un átomo coa enerxía dos niveis atómicos involucrados.	▪ CMCCT	▪ 3º	▪ 1,2,3
▪ h ▪ i ▪ l	▪ B6.7. Efecto fotoeléctrico.	▪ B6.7. Valorar a hipótese de Planck no marco do efecto fotoeléctrico.	▪ FSB6.7.1. Compara a predición clásica do efecto fotoeléctrico coa explicación cuántica postulada por Einstein, e realiza cálculos relacionados co traballo de extracción e a enerxía cinética dos fotoelectróns.	▪ CMCCT	▪ 3º	▪ 1,2,3
▪ i ▪ l	▪ B6.8. Espectros atómicos. Modelo cuántico do átomo de Bohr.	▪ B6.8. Aplicar a cuantización da enerxía ao estudo dos espectros atómicos e inferir a necesidade do modelo atómico de Bohr.	▪ FSB6.8.1. Interpreta espectros sinxelos, relacionándoos coa composición da materia.	▪ CMCCT	▪ 3º	▪ 1,2,3
▪ i ▪ l ▪ m	▪ B6.9. Interpretación probabilística da física cuántica.	▪ B6.9. Presentar a dualidade onda-corpúsculo como un dos grandes paradoxos da física cuántica.	▪ FSB6.9.1. Determina as lonxitudes de onda asociadas a partículas en movemento a diferentes escalas, extraendo conclusións acerca dos efectos cuánticos a escalas macroscópicas.	▪ CMCCT	▪ 3º	▪ 1,2,3
▪ i ▪ l	▪ B6.9. Interpretación probabilística da física cuántica. ▪ B6.10. Principio de indeterminación de Heisenberg.	▪ B6.10. Recoñecer o carácter probabilístico da mecánica cuántica en contraposición co carácter determinista da mecánica clásica.	▪ FSB6.10.1. Formula de xeito sinxelo o principio de indeterminación de Heisenberg e aplícao a casos concretos, como os orbitais atómicos.	▪ CMCCT	▪ 3º	▪ 1,2,3
▪ i ▪ j	▪ B6.11. Aplicacións da física cuántica. O láser.	▪ B6.11. Describir as características fundamentais da radiación láser, os principais tipos de láseres, o seu funcionamento básico e as súas principais aplicacións.	▪ FSB6.11.1. Describe as principais características da radiación láser en comparación coa radiación térmica. ▪ FSB6.11.2. Asocia o láser coa natureza cuántica da materia e da luz, xustifica o seu funcionamento de xeito sinxelo e recoñece o seu papel na sociedade actual.	▪ CMCCT ▪ CMCCT	▪ 3º ▪ 3º	▪ 1,2,3 ▪ 1,2,3

Física. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Parcial	Proced. /Instr. Aval.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.12. Radioactividade: tipos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.12. Distinguir os tipos de radiacións e o seu efecto sobre os seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB6.12.1. Describe os principais tipos de radioactividade incidindo nos seus efectos sobre o ser humano, así como as súas aplicacións médicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2,3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.13. Física nuclear. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.13. Establecer a relación da composición nuclear e a masa nuclear cos procesos nucleares de desintegración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB6.13.1. Obtén a actividade dunha mostra radioactiva aplicando a lei de desintegración e valora a utilidade dos datos obtidos para a datación de restos arqueolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2,3
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB6.13.2. Realiza cálculos sinxelos relacionados coas magnitudes que interveñen nas desintegracións radioactivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2,3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.14. Núcleo atómico. Leis da desintegración radioactiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.14. Valorar as aplicacións da enerxía nuclear na produción de enerxía eléctrica, radioterapia, datación en arqueoloxía e a fabricación de armas nucleares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB6.14.1. Explica a secuencia de procesos dunha reacción en cadea, e extrae conclusións acerca da enerxía liberada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2,3
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB6.14.2. Describe as aplicacións máis frecuentes da enerxía nuclear: produción de enerxía eléctrica, datación en arqueoloxía, radiacións ionizantes en medicina e fabricación de armas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2,3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.15. Fusión e fisión nucleares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.15. Xustificar as vantaxes, as desvantaxes e as limitacións da fisión e a fusión nuclear. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB6.15.1. Analiza as vantaxes e os inconvenientes da fisión e a fusión nuclear, e xustifica a conveniencia do seu uso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2,3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.16. As catro interaccións fundamentais da natureza: gravitatoria, electromagnética, nuclear forte e nuclear débil. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.16. Distinguir as catro interaccións fundamentais da natureza e os principais procesos en que interveñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.16.1. Compara as principais teorías de unificación establecendo as súas limitacións e o estado en que se atopan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2,3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.16. As catro interaccións fundamentais da natureza: gravitatoria, electromagnética, nuclear forte e nuclear débil. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.17. Recoñecer a necesidade de atopar un formalismo único que permita describir todos os procesos da natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.17.1. Establece unha comparación cuantitativa entre as catro interaccións fundamentais da natureza en función das enerxías involucradas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2,3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.17. Interaccións fundamentais da natureza e partículas fundamentais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.18. Coñecer as teorías máis relevantes sobre a unificación das interaccións fundamentais da natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FSB6.18.1. Compara as principais características das catro interaccións fundamentais da natureza a partir dos procesos nos que estas se manifestan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3º 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1,2,3

Física. 2º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Parcial	Proced. /Instr. Aval.
			<ul style="list-style-type: none"> FSB6.18.2. Xustifica a necesidade da existencia de novas partículas elementais no marco da unificación das interaccións. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	3º	1,2,3
<ul style="list-style-type: none"> i l 	<ul style="list-style-type: none"> B6.18. Partículas fundamentais constitutivas do átomo: electróns e quarks. 	<ul style="list-style-type: none"> B6.19. Utilizar o vocabulario básico da física de partículas e coñecer as partículas elementais que constitúen a materia. 	<ul style="list-style-type: none"> FSB6.19.1. Describe a estrutura atómica e nuclear a partir da súa composición en quarks e electróns, empregando o vocabulario específico da física de quarks. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	3º	1,2,3
			<ul style="list-style-type: none"> FSB6.19.2. Caracteriza algunhas partículas fundamentais de especial interese, como os neutrinos e o bosón de Higgs, a partir dos procesos en que se presentan. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	3º	1,2,3
<ul style="list-style-type: none"> h i l 	<ul style="list-style-type: none"> B6.19. Historia e composición do Universo. 	<ul style="list-style-type: none"> B6.20. Describir a composición do universo ao longo da súa historia en termos das partículas que o constitúen e establecer unha cronoloxía deste a partir do Big Bang. 	<ul style="list-style-type: none"> FSB6.20.1. Relaciona as propiedades da materia e da antimateria coa teoría do Big Bang. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	3º	1,2,3
			<ul style="list-style-type: none"> FSB6.20.2. Explica a teoría do Big Bang e discute as evidencias experimentais en que se apoia, como son a radiación de fondo e o efecto Doppler relativista. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT 	3º	1,2,3
			<ul style="list-style-type: none"> FSB6.20.3. Presenta unha cronoloxía do universo en función da temperatura e das partículas que o formaban en cada período, discutindo a asimetría entre materia e antimateria. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT 	3º	1,2,3
<ul style="list-style-type: none"> h i l m 	<ul style="list-style-type: none"> B6.20. Fronteiras da física. 	<ul style="list-style-type: none"> B6.21. Analizar os interrogantes aos que se enfrontan os/as físicos/as hoxe en día. 	<ul style="list-style-type: none"> FSB6.21.1. Realiza e defende un estudo sobre as fronteiras da física do século XXI. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT CSC CSIEE 	3º	1,2,3

*En **negriña** aparecen os estándares considerados esenciais, con maior peso que os secundarios na avaliación das aprendizaxes. En total hai 36 secundarios e 84 esenciais.

O xeito no que se cualifica o nivel acadado polo alumnado nos estándares, que é o que vai determinar a súa nota final na materia, aparece especificado no apartado 9 “Avaliación, cualificación e promoción do alumnado”.

7. Metodoloxía didáctica. Posibles escenarios de traballo polo COVID19.

O xeito en que se van a impartir as clases depende en gran medida da resposta do alumnado e dos recursos dispoñibles. Intentarase descubrir o nivel de coñecementos do alumnado e a partir de aí ir construíndo un sistema de coñecementos cada vez máis complexos, que se asenten nel dun xeito

significativo, é dicir que os relacione cos que xa tiña e os amplíe, co obxectivo de ser quen de aplicar eses coñecementos en contextos reais, ou sexa, dotar de funcionalidade aquilo que aprende.

A chegada da LOMCE supuxo unha revolución polo menos terminolóxica, que nos obrigou no se u momento a familiarizarnos con expresións e conceptos novos. Por iso intentaremos ter en conta o máximo posible as recomendacións metodolóxicas contidas na Orde ECD/65/2015, para traballar as competencias na aula. Nelas potenciase o traballo por TAREFAS, que o alumnado ten que resolver facendo uso dos seus coñecementos, destrezas, actitudes e valores. Calquera metodoloxía é considerada válida, con tal de que esperte a curiosidade e a motivación no alumnado, que terá que xogar un papel moi activo neste proceso, converténdoo en protagonista da súa aprendizaxe. De todos os xeitos, na citada Orde, para traballar por competencias, avógase por estratexias interactivas, nas que o alumnado participe activamente, intercambie ideas e resolva tarefas conxuntamente, tal como ocorre na *aprendizaxe cooperativa*. O *traballo por proxectos* tamén pode resultar unha boa estratexia porque aproxima o aprendido polo alumno a contextos reais, o cal é o obxectivo final de todo aprendizaxe competencial. Tamén se recomenda o uso do portfolio como instrumento de avaliación, o uso das TICs nos procesos de ensinanza e a colaboración entre departamentos para construír os coñecementos impartidos ao alumnado dun xeito colaborativo e interdisciplinar.

Antes da chegada da LOMCE, como docente prantexaba unha clase de tipo “maxistral” con explicacións por parte do profesor. Estas pódense atopar no libro de texto, pero seguramente nun orden distinto. Non obstante, dado o carácter eminentemente práctico da materia a impartir, buscaba un apoio constante nas experiencias reais no laboratorio ou virtuais na web. Tamén se traballaba a curiosidade e o espírito científico do alumno mediante traballos de busca bibliográfica e a elaboración de traballos de investigación. Unha parte moi importante do método a seguir tamén facía referencia a esta compoñente práctica e consistía na resolución de exercicios prácticos. Procuraba redactar os enunciados dos mesmos de xeito que fixeran referencia a aspectos próximos ao alumno, a fin de que este relacionase o que se lle explicaba na aula co mundo que o rodea. Para potenciar a lectura, unha das grandes carencias das últimas xeracións de alumnos, procurábase que cada alumno realizara polo menos un traballo ao longo do curso sobre libros de carácter científico recomendados polo profesor. Así mesmo, para potenciar desta maneira o *plan lector* do centro avaliaba positivamente o feito de que cada alumno, de xeito voluntario, lese e xustificase a lectura de máis libros. Tamén se intentaba elaborar algún traballo que implicase a colaboración con outros departamentos (inglés, tecnoloxía, matemáticas...) para que viran que a ciencia non é algo independente e illado. Por outra parte dedicábase certo tempo a traballar temas transversais ao currículo, cando estes aparecían nas explicacións: educación para a paz, saúde, medio ambiente... A disposición dos alumnos na clase tamén podía variar en función do traballo que estivese a facer.

A idea é ir introducindo paulatinamente algún elemento característico LOMCE, como algunha tarefa ou probar como resulta traballar algún tema mediante aprendizaxe cooperativo. Non obstante o cambio non será radical porque considero que pode ser contraproducente e negativo para o alumnado. Intentarase que a transición sexa progresiva e gradual.

Con todas estas medidas preténdese que os alumnos aprendan non só uns determinados coñecementos teóricos senón que aprendan unhas regras básicas para aprender por si mesmos, de xeito autónomo; que cando se lles prantexe un problema, en calquera ámbito das súas vidas, pensen diversas maneiras de resolvelo e opten por aquela que lles pareza óptima; en definitiva trátase de que vaian asimilando, na medida do posible, as liñas básicas recollidas no método científico.

Esta proposta é absolutamente flexíbel e está a expensas das melloras que poidan realizarse mediante as suxestións dos propios alumnos. Para iso, estes elaborarán un informe trimestral (ou cando se considere oportuno) no que se recolla o seu punto de vista no desenvolvemento da clase (materia, profesor, compañeiros...), que servirá como co-avaliación no proceso avaliativo xeral. O formato desta coavaliación será tipo ESCALA DE LOGRO, na que o alumnado terá que marcar o nivel que considere oportuno perante unha serie de preguntas que se lle fagan sobre o proceso ensino-aprendizaxe no que está inmerso (ver epígrafe 10).

Tamén se porá especial atención no xeito de comunicar os resultados académicos ao alumno, en privado ou en público, a fin de non menoscabar a súa autoestima.

En definitiva, o que se persegue é atopar a mellor estratexia metodolóxica, aquela na que o alumnado se sinta máis cómodo e motivado, para que a transmisión de coñecementos sexa o máis competencial posible.

Porén, toda a problemática descrita anteriormente deu un xiro importante en marzo de 2020 por mor da pandemia mundial que estamos a vivir debido á COVID19. Isto supuxo un atranco importante na aplicación de moitas técnicas de traballo debido ás recomendacións de hixiene e de distanciamento social dadas polas autoridades sanitarias. A prohibición de compartir material condiciona a realización de prácticas de laboratorio e a posta en práctica de moitas estratexias interactivas. Neste curso 2021-22 seguen en vigor as directrices establecidas neste senso pola administración educativa coa única salvedade que agora a distancia interpersonal baixopu de 1,5 metros a 1,2 metros. Aínda así, tentaremos facer algunha actividade colateral de tipo experimental extremando as medidas de precaución dadas.

Previendo o que poida ocorrer durante o curso, contemplamos 3 posibles escenarios de traballo con estratexias metodolóxicas propias aparelladas.

a) Clase presencial.

No caso de que se controle adecuadamente a pandemia poderemos seguir as clases en persoa. Neste caso a estratexia sería similar á descrita anteriormente coas medidas recomendadas polas autoridades sanitarias: hixiene de mans, aireación de espazos, uso de tapabocas axeitado e separación de 1,2m entre postos escolares.

b) Clases telemáticas.

Se a situación sanitaria se volve moi grave e hai que confinarse de novo na casa a única posibilidade de seguir adiante co curso académico é mediante medios telemáticos. Confiamos que a vacinación masiva da poboación desde xaneiro pasado, e máis en concreto da comunidade

escolar (que terá posta a segunda dose a comezos de curso), evite este tipo de situación global. Si poderá ser probable o confinamento por enfermidade ou por contacto estreito nalgún caso concreto. Prevendo esta situación, neste departamento, xa deste o comezo do curso, empresarase a suite de educación de Google (GOOGLE CLASSROOM) como ferramenta educativa fundamental. A boa experiencia vivida por docentes e alumnado o curso pasado anímanos a seguir empregándoa este curso. Non obstante farese un uso paralelo da AULA VIRTUAL do centro, que será o canal oficial de comunicación. O contacto co alumnado establecerase mediante sesións de videoconferencias a través da plataforma educativa WEBEX a cal xa se empregou con éxito durante o curso pasado e no período de confinamento masivo do 2020. A conexión foi doada e a calidade da mesma bastante aceptable. O correo electrónico do dominio *iesmugardos.gal* que temos no centro será o que empreguemos para unha comunicación máis inmediata co alumnado e coas familias. Nesta labor de contacto coas familias a vía telefónica será tamén unha canle habitual.

c) Semipresencialidade.

Esta modalidade podería levarnos a usar elementos das dúas estratexias anteriores cando as haxa que combinar por recomendación das autoridades educativas en función da situación sanitaria que se estea a vivir.

8. Materiais e recursos didácticos. Libros de texto.

Os libros de texto que se utilizarán neste departamento serán os seguintes:

- Dado que o IES de Mugardos está inmerso no proxecto EDIXGAL, traballarase cos materiais dispoñibles na plataforma, sendo só empregado o libro de texto de Santillana como material puntual de apoio en aula.
- 3ºESO “Física y Química 3ºESO”. Serie investiga. Proyecto . Saber Hacer-Santillana. 2015. Teresa Grence e outros. ISBN 978-84-680-1742-6.
- 4ºESO “Física y Química 4ºESO”. Serie investiga. Proyecto Saber Hacer-Santillana. 2016. VV.AA. ISBN 978-84-680-3790-5.
- 1ºBACH. “Física y Química 1ºBAC”. Serie investiga. Proyecto Saber Hacer-Santillana. VV.AA. 2015. ISBN 978-84-680-1328-2.
- 2ºBACH. “Física 2ºBAC”. Serie investiga. Proyecto Saber Hacer-Santillana. VV.AA. 2016. ISBN 978-84-680-2678-7.
- 2ºBACH. “Química 2ºBAC”. Serie investiga. Proyecto Saber Hacer-Santillana. VV.AA. 2016. ISBN 978-84-680-2677-0.

As edicións están en castelán pois esta é a lingua na que se ten que impartir a clase segundo o decreto 79/2010 do plurilingüismo.

O resto de materiais empregados son os propios dunha aula educativa e dun laboratorio escolar.

A metodoloxía que se tratará de levar a cabo cos alumnos implica tamén o uso de materiais audiovisuais de plataformas dixitais. A aula de informática este ano seguirá sin poder usarse por motivos de organización no centro debido á problemática COVID19. Os recursos dispoñibles na web, así como os dous laboratorios dispoñibles no centro (un de física e outro de química) suporán unha axuda importante para traballar determinadas partes do currículo, aínda que non na profundidade desexable polas moitas restriccións sanitarias actuais. A prensa, as revistas científicas, as enciclopedias e outros libros de apoio poden ser un recurso adicional aos atopados na web. Este ano seguirase recomendando a lectura de libros de carácter científico, para contribuír ás rutinas de lectura existentes no centro, especificadas no seu plan lector, e será un elemento máis a ter en conta na valoración do traballo diario e iniciativa persoal do alumnado nas distintas materias.

A asistencia este curso á charlas ou conferencias ou a realización de visitas vai ser moi difícil de levar a cabo pola situación pandémica actual. Non obstante, neste curso están permitidas no protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 dado pola Consellería, polo cal vaise intentar facer algunha.

9. Avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

A recente publicación da orde de avaliación adaptada á LOMLOE obriga a facer algúns axustes nos procedementos de avaliación, debido fundamentalmente á eliminación da convocatoria extraordinaria de recuperación na etapa da ESO, non así no bacharelato.

En base ao establecido nesa orde o alumnado de ESO será avaliado a partir do 6 de xuño do que correspondería ao terceiro parcial. O período comprendido entre o 6 de xuño e o 22 de xuño no que rematan as clases, destinarase a reforzar e ampliar coñecementos co alumnado que obteña cualificación positiva no curso e a traballar os puntos a recuperar naquel alumnado con algunha parte da materia suspensa. Incidirase sobre todo nos aspectos prácticos, traballados mediante a realización de exercicios e problemas numéricos. A parte teórica resumirase moito sintetizándoa nos puntos clave do curso que terán que ser aprendidos polo alumnado. Avaliaríase a recuperación destas partes neste período de tempo entre o 6 e o 22 de xuño e establecerase a cualificación final do curso en base a iso nas sesións de avaliación FINAL que se levarán a cabo a partir do 22 de xuño. Para o alumnado de 4º ESO coa materia aprobada a día 6 de xuño tamén se establecerá a posibilidade de realizar unha proba escrita onde poida subir nota na parte de avaliación de CONCEPTOS. Esta proba realizarase antes do 22 de xuño para así poder establecer a cualificación media global de cara a sesión de avaliación FINAL.

Por outra banda, o alumnado de bacharelato seguirá tendo a convocatoria extraordinaria fixada para a sesión de despois do 22 de xuño. Na sesión de avaliación levada a cabo despois do 6 de xuño recibirá xa a cualificación global do curso porque a sesión será considerada final ORDINARIA. Despois da mesma o alumnado que aprobe xa non poderá ver modificada a súa nota final, mentres que o que teña a materia suspensa terá a posibilidade de recuperala na sesión extraordinaria a celebrar a partires do 22 de xuño. Nese período comprendido entre o 6 e o 22 de xuño, na etapa de bacharelato, incidirase co alumnado

aprobado na ampliación de conceptos, realización de experiencias de laboratorio, exposición pública de traballos, tratamento de aspectos transversais da materia... En canto ao alumnado que non superou aínda a materia, traballárase nos aspectos que teña máis frouxos para que poida optar a superalos na convocatoria extraordinaria, facendo fincapé nos exercicios prácticos e problemas que non enténdese.

En canto ao xeito de avaliar, a LOMCE levaba aparellado un cambio na terminoloxía educativa básica e forza a introducir cambios no xeito de avaliar, que a LOMLOE conserva nalgúns aspectos e modifica noutros.

A modo de resumo dicir que nesta lei os contidos a impartir veñen asociados aos chamados *estándares de aprendizaxe* a través duns criterios de avaliación. Neles establécese claramente que é o que teñen de SABER facer os alumnos/as nunha materia. O grao en que asimilen o proposto nese indicador determinará dun xeito importante se o alumno/a pode ser avaliado positivamente ou non.

Polo tanto a clave da avaliación reside nos estándares de aprendizaxe polo que haberá que concentrarse neles, e ter clara unha cousa: nos estándares están incluídos todos os aspectos da aprendizaxe competencial, tanto coñecementos como destrezas e actitudes, polo que non ten sentido facer entón unha avaliación diferenciada de cada un destes aspectos. Como ata o de agora a actitude e o traballo era una parte importante da nota nesta materia, o que imos facer e coller os estándares que fagan referencia a esta parte educativa e repetilos en cada unidade de traballo, para avalialos continuamente.

Tamén se facía mención expresa a unha proba de comprensión lectora noutros cursos, pero na LOMCE atopamos, para 2ºESO e 3ºESO, o estándar FQB1.5.1, que enmarca perfectamente esta actividade, polo que o avaliaremos sempre que fagamos dita proba. En 4ºESO o estándar que máis se aproxima a este aspecto de comprensión lectora é o FQB1.1.2, en 1ºBAC o FQB1.1.6. en Química de 2ºBAC o QUB1.4.2 e en Física de 2ºBAC o FSB1.2.4.

Finalmente tamén se avaliaba aparte o traballo de laboratorio, pero na LOMCE podemos atopar estándares relacionados coa realización de experiencias, e serán eles dos que botemos man cando queiramos avaliar este aspecto.

En definitiva, temos suficiente material dentro do conxunto de estándares de aprendizaxe como para realizar unha avaliación o máis completa posible.

A clave estará entón en empregar os instrumentos de avaliación axeitados para amosar o grao en que o alumnado asimila o que propón dito estándar.

A cantidade de instrumentos á nosa disposición é enorme pero para non facer moi farragoso o proceso imos simplificar o proceso e facer 4 grandes grupos de técnicas ou procedementos, tal como se especificou no apartado 6 desta programación:

- Observación directa
- Probas obxectivas
- Traballos
- Outros

A libreta de control será o instrumento que empregaremos para a observación, e con ela pretendemos avaliar a actitude do alumnado, pero con actitude non queremos dicir comportamento xa que este aspecto non é curricular e queda enmarcado nas NOF do centro; queremos dicir traballo diario, participación na clase, interese amosado na aprendizaxe, iniciativa propia co obxectivo de mellorar...

Os exames orais ou escritos ou as probas de comprensión lectora usarémolos como probas obxectivas para avaliar principalmente os coñecementos propios da materia adquiridos polo alumnado e a capacidade para leer comprensivamente un texto; esencialmente é outra forma máis de avaliar a competencia en comunicación lingüística (CCL) do alumnado.

Os traballos de investigación realizados sobre determinados temas importantes da materia servirán para avaliar o esforzo e a capacidade de busca e contraste de información amosada polo alumnado.

Por último, dentro de “OUTROS” pretendemos englobar todas aquelas técnicas que se poidan aplicar de xeito puntual para determinar o grao de adquisición dos estándares implicados que polas súas especiais características requiran un tratamento diferente. Dentro deste grupo poderíanse incluír os cadernos de laboratorio, que ofrecerían unha parte máis práctica e competencial da materia, pero as restricións debido ao COVID19 non permite asignarlle moito peso a este aspecto polo que non o imos considerar de forma xeral.

Para valorar a produción de traballos de investigación propónse a seguinte, de 4 escalas de logro:

	ESCALA DE LOGRO			
<u>ITEMS A VALORAR E PONDERACIÓN</u>	4 EXCELENTE	3 BOA	2 BAIXA	1 MOI BAIXA
Prazo de entrega (1 punto)	Cumpre estritamente o prazo estipulado. (1 PUNTO)	Entrega o traballo fóra de prazo pero con xustificación. (0,75 PUNTOS)	Entrega o traballo fóra de prazo inxustificadamente. (0,25 PUNTOS)	Non respecta os prazos ou non acaba entregando. (0 PUNTOS)
Formato (1,5 puntos)	O traballo contén portada, índice, bibliografía, a letra e parágrafos axeitados (1,5 PUNTOS)	O traballo contén case todo o anterior con algunha carencia formal (1 PUNTOS)	Hai bastantes erros formais, sobre todo ausencia de bibliografía (0,5 PUNTOS)	É un despropósito desde o punto de vista formal: non respecta as recomendacións, carece de bibliografía, a presentación é deslavazada. (0 PUNTOS)

<p>Redacción (1,5 puntos)</p>	<p>A expresión é clara e concisa, redacta de xeito coherente e científico, sen erros ortográficos ou gramaticais. (1,5 PUNTOS)</p>	<p>Redacta ben pero existen algúns erros gramaticais ou ortográficos que non prexudican gravemente o traballo. (1 PUNTO)</p>	<p>A redacción deixa moito que desexar e o texto ten unha cantidade salientable de erros ortográficos ou gramaticais. (0,5 PUNTOS)</p>	<p>O texto presentado está cheo de erros gramaticais ou ortográficos e a coherencia e estilo na redacción é ínfima. (0 PUNTOS)</p>
<p>Calidade dos contidos (1,5 puntos)</p>	<p>A información buscada e presentada é de calidade; fontes fiables e adecuación perfecta ao traballo. (1,5 PUNTOS)</p>	<p>Manexa boas fontes de información pero inclúe algunha información superflua da que se podía prescindir perfectamente (1 PUNTO)</p>	<p>Inclúe fontes de información inapropiadas ou excesivas, e a información exposta non se centra no tema principal provocando desconcerto e rexeitamento na súa lectura. (0,5 PUNTOS)</p>	<p>A redacción é caótica, non se centra no tema, as fontes usadas (se as hai) non son fiables moitas delas, a lectura non permite adiviñar apenas de que vai o traballo. (0 PUNTOS)</p>
<p>Organización dos contidos (1 pto)</p>	<p>O traballo aparece perfectamente estruturado en parágrafos axeitados, títulos, subtítulos, de tal modo que se comprende moi ben a información. (1 PUNTO)</p>	<p>Boa organización de contidos pero ofrece demasiada información que fai perder un pouco o fío condutor do tema. (0,75 PUNTOS)</p>	<p>Mala organización, sen moita relación entre as diversas partes, que provoca desconcerto na lectura, aínda que permite, non obstante, entrever unha certa labor detrás. (0,25 PUNTOS)</p>	<p>Organización nula, unión de diversas partes carentes de sentido, que impide transmitir a información de xeito adecuado. (0 PUNTOS)</p>

<p>Diagramas-ilustracións (1 pto)</p>	<p>Acompaña a redacción con fotos, esquemas, diagramas, táboas, etc...que permiten entender moito mellor o tema.</p> <p>(1 PUNTO)</p>	<p>Hai algunha ilustración ou esquema que apoia e alixeira a información pero bótase de menos algunha outra.</p> <p>(0,75 PUNTOS)</p>	<p>Apenas hai ilustracións ou esquemas e as que chega conteñen erros.</p> <p>(0,25 PUNTOS)</p>	<p>Non chega ningún soporte gráfico para entender mellor os textos.</p> <p>(0 PUNTOS)</p>
<p align="center">Exposición pública (se a houbera)-(2,5 pts)</p>				
<p>Ton de voz (0,5 puntos)</p>	<p>Expón alto e claro, vocalizando e empregando vocabulario axeitado.</p> <p>(0,5 PUNTOS)</p>	<p>Nótanselle os nervios pero iso non impide unha transmisión da información máis que correcta.</p> <p>(0,25 PUNTOS)</p>	<p>Dubida, atráncase en moitas ocasións, ou fala moi baixo, limitando bastante a transmisión de información.</p> <p>(0,1 PUNTOS)</p>	<p>Non se toma en serio a exposición ou non a fai directamente.</p> <p>(0 PUNTOS)</p>
<p>Fluidez-oralidade (1 punto)</p>	<p>Expón con soltura e transmitindo dominio do tema apoiándose de xeito puntual na parte escrita.</p> <p>(1 PUNTO)</p>	<p>Aínda que se nota que ten un dominio do tema suficiente, apóiase con excesiva frecuencia na parte escrita, limitándose a ler algunha das partes.</p> <p>(0,5 PUNTOS)</p>	<p>Esencialmente lee o contido da parte escrita que está a proxectar, aínda que deixa entrever que algo controla do tema.</p> <p>(0,25 PUNTOS)</p>	<p>Ou non fala do tema directamente ou lee de forma pouca seria o que ten escrito.</p> <p>(0 PUNTOS)</p>
<p>Interacción co público (0,5 puntos)</p>	<p>Responde a preguntas da xente con soltura e dominio da situación.</p> <p>(0,5 PUNTOS)</p>	<p>Responde bastante ben as preguntas que se lle fan, pero non todas, deixando algunha dúbida sen resolver.</p> <p>(0,25 PUNTOS)</p>	<p>Amosa moita inseguridade perante as preguntas e case non consegue resolver ningunha delas.</p> <p>(0,1 PUNTOS)</p>	<p>Non responde ou faino dun xeito pouco serio.</p> <p>(0 PUNTOS)</p>
<p>Uso de recursos TIC (0,5 puntos)</p>	<p>Domina perfectamente o funcionamento</p>	<p>Ten algún pequeno problema de</p>	<p>Nótase que non domina os aparellos e</p>	<p>Apenas emprega ningún elemento TIC na súa</p>

	dos aparellos e ferramentas TIC que emprega na exposición. (0,5 PUNTOS)	manexo dos aparellos e ferramentas TIC empregados pero iso non interfere na exposición. (0,25 PUNTOS)	ferramentas TIC empregados, se emprega algún. (0,1 PUNTOS)	exposición e, en todo caso, non controla o seu funcionamento en absoluto. (0 PUNTOS)
--	--	--	---	---

* A PUNTUACIÓN MÁXIMA SEN EXPOSICIÓN É DE 7,5 PUNTOS. CON EXPOSICIÓN É DE 10 PUNTOS.

Para valorar o resto de aspectos curriculares salientables hai que resaltar que non todos os estándares teñen a mesma importancia na materia. Existen multitude de correntes pedagóxicas que clasifican os estándares en 2 ou 3 tipos de nivel. No noso caso, para simplificar o máximo posible o procedemento de cualificación do alumnado sendo, ao mesmo tempo, coherentes coas directrices que aparecen na LOMCE imos clasificar os estándares en 4 grupos, coincidentes cos grupos feitos anteriormente de técnicas de avaliación, e imos concederlle un peso relativo na nota final a cada grupo de estándares, que segundo o curso implicado quedaría como se amosa na seguinte **TÁBOA DE CUALIFICACIÓN**:

ASPECTO A CUALIFICAR	TÉCNICAS	INSTRUMENTOS	2ºESO	3ºESO	4ºESO	1ºBAC	2ºBAC (quim ou fis)
CONCEPTOS	Exames	Resultado proba escrita	65%	70%	70%	75%	80%
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA	Proba de comprensión lectora	Análise de texto	5%	5%	5%	---	----
INVESTIGACIÓN SOBRE TEMAS CENTRAIS NA FeQ	Traballos de produción	Rúbrica	5%	5%	5%	5%	5%
INTERESE-PARTICIPACIÓN-TRABALLO DIARIO RESOLUCIÓN DE EXERCICIOS	Observación	Libreta de control	20%	15%	15%	15%	10%
“ACTIVIDADE MOTIVADORA E TRANSVERSAL”	Observación	Libreta de control	5%	5%	5%	5%	5%

*No caso de que non se poidan levar a cabo determinados procedementos acumularanse aos que sí se poidan realizar. Por exemplo en 2ºESO a porcentaxe dedicado á iniciativa ou á realización de traballos acumularíase á observación diaria.

A idea de introducir unha proba de comprensión lectora é para valorar o grao de lectura comprensiva no alumnado, contestando unha serie de preguntas arredor dun texto relacionado coa ciencia. Supón unha pequena porcentaxe da nota global na ESO, xa que nesa etapa perséguese uns obxectivos máis xerais, entre os cales a competencia lingüística consideramos que adquire unha importancia salientable na formación integral do alumno/a.

Este ano, por primeira vez introducimos un elemento novo na cualificación baixo o epígrafe de “Actividade motivadora e transversal”. Nela queremos valorar todo aquilo que parta do alumnado que amose o interese e curiosidade propio da ciencia: un traballo que queira facer sobre un aspecto relacionado coa materia, contarnos un libro científico que lera, un debuxo de carácter científico feito en colaboración co dpto de Debuxo, expoñer unhas fotografías e explicalas, unha gravación sonora ou visual, una historia que queira contar, un resumo das últimas novas científicas de actualidade... A diferenza respecto ao traballos de produción valorados noutro apartado é a INICIATIVA PERSOAL: teñen que partir do alumno/a, non ser consecuencia dunha proposta do profesor.

Como se pode observar a ponderación dada aos distintos aspectos a cualificar cambia en función do nivel, valorándose máis en cursos superiores a adquisición de coñecementos propios da materia (conceptos), mentres que en cursos inferiores son máis significativos o interese, a actitude, a realización de traballos...

O ideal sería que cada estándar fose avaliado mediante 2 ou 3 instrumentos diferentes para homoxeneizar os resultados pero a experiencia neste senso dime que é imposible facer isto de maneira exhaustiva en base ao tempo lectivo que temos na materia e a carga de contidos que o currículo recomenda impartir.

Por iso adoptamos unha solución a medio camiño entre as directrices da LOMCE e os métodos máis tradicionais, que nos permita valorar a adquisición de coñecementos teóricos e prácticos, o esforzo e traballo realizados e a actitude positiva diaria pero a través da análise dos resultados amosados por determinados instrumentos de avaliación nos estándares directamente relacionados con esas destrezas do alumnado; polo tanto esperamos que quede claro que *estamos a valorar estándares realmente*, xa que a diversidade destes no currículo permítenos abarcar todos aqueles aspectos que consideramos importantes na formación integral do alumnado en todo o proceso de ensino-aprendizaxe que levamos a cabo con el.

As notas numéricas obtidas despois deste proceso permiten establecer unha ESCALA DE INDICADORES DE LOGRO de cinco niveis:

Nivel 1 con nota < 3 puntos.
Nivel 2 = 3-4,5.
Nivel 3 = 4,5-6,5.
Nivel 4 = 6,5-8,5.
Nivel 5 >8,5.

O significado de cada nivel sería o seguinte (Entre paréntese, a correlación coa nota que a lei establece nos documentos oficiais)

- O nivel 1 indicará ESTÁNDARES NON ADQUIRIDOS. (**INSUFICIENTE**)
- O nivel 2 indicará ESTÁNDARES EN VÍAS DE ADQUISICIÓN. (**INS/SUF**)
- O nivel 3 indicará ESTÁNDARES ADQUIRIDOS. (**SUFICIENTE/BEN**)
- O nivel 4 indicará ESTÁNDARES BEN ADQUIRIDOS. (**NOTABLE**)
- O nivel 5 indicará ESTÁNDARES MOI BEN ADQUIRIDOS. (**SOBRESALIENTE**)

Por suposto, como sempre, as fronteiras entre un grupo e outro non son estritas e os casos de alumnos/as que se atopen entre un grupo e o seguinte serán analizadas máis polo miúdo.

As *probadas escritas* mediante as que se valorarán os estándares conceptuais (que son as que maior peso teñen na nota final) compóranse de exercicios de diferente tipo nos que aparecerá explicitado o estándar ou estándares asociados e a puntuación que leva aparellada, que será maior ou menor en función do número e tipo de estándares avaliados. Procurarase que a batería de exercicios da proba abarque a maior parte dos estándares a traballar en cada avaliación, sobre todo os imprescindibles.

Na **ESO**, en principio, intentaranse facer DOUS exames por avaliación. A nota que se terá en conta para a determinación da nota do trimestre será a **MEDIA ARITMÉTICA** das dúas probas.

Para a determinación da media non haberá una nota mínima esixible en cada proba, aínda que no caso de que unha delas sea esaxeradamente baixa (menos dun 2,5 aproximadamente) poderase levar a cabo algunha medida que permita comprobar que o alumno/a adquiriu polo menos os coñecementos suficientes relacionados cos estándares imprescindibles desa parte.

Para a determinación da nota media final da avaliación procederase ao redondeo. Calquera nota que chegue ou supere ás cincuenta centésimas de punto, redondearase ao enteiro superior. 8,53 constará como 9-SOB no boletín de cualificacións.

Non obstante para a determinación da nota global de curso o redondeo final farase empregando as notas con dous decimais obtidas nas diferentes probas, e coa ponderación correspondente, **NON AS NOTAS REDONDEADAS DE CADA AVALIACIÓN.**

O obtención dun 4 nun parcial non conduce necesariamente á recuperación dese parcial xa que pode compensarse coas notas obtidas nos outros parciais se a nota destes supera claramente o aprobado.

Se a nota obtida nun parcial é un 3 ou inferior, será necesario demostrar que se adquiriron os coñecementos conceptuais básicos desa parte suspensa nunha proba obxectiva a realizar no periodo comprendido entre o 6 e o 22 de xuño, que permitirá modificar a cualificación global na sesión de avaliación FINAL xa que nesta etapa desaparece a sesión de avaliación extraordinaria.

Ademáis deste periodo de traballo de recuperación final entre o 6 e o 22 de xuño, na primeira ou segunda semana despois da primeira e segunda avaliación farase unha recuperación da mesma para intentar demostrar que se adquiriron os coñecementos básicos. É importante sinalar que as probas de recuperación son de mínimos e polo tanto non poden conducir a unha nota final moi elevada en comparación coas notas das probas ordinarias. A efectos de determinar a nota final obtida despois dun proceso de recuperación imos establecer que se obtén unha nota ponderable numérica de 5 se o resultado da proba está entre 5 e 7. A realización dunha proba de nota superior ao 7 permitiralle ao alumno poder chegar a

unha nota numérica ponderable de 6 na parte conceptual. Esta directriz é válida tamén para o traballado no período comprendido entre o 6 e o 22 de xuño.

Hay que salientar que a nota final non depende exclusivamente dos resultados dos exames xa que con este instrumento só pretendemos determinar o grao de coñecementos conceptuais adquiridos e iso corresponde a un determinado tanto por cento dentro da nota global (véxase ponderación na táboa de cualificación). É dicir, un alumno de 3ºESO pode optar a sumar, como moito, 7 puntos de exames, xa que así está ponderado. Os 3 puntos restantes proveñen de observación directa, traballos de produción e comprensión lectora. Polo tanto se durante o curso só foi quen de sumar 0,8 puntos dos 3 posibles a obtención dun 5 na proba de recuperación non conduce necesariamente ao aprobado xa que supón o 70% da nota e polo tanto 3,5 que sumado a eses 0,8 dan un total de 4,3 puntos que queda por debaixo do 4,5, nota mínima requirida para poder redondear a 5-SUF. Tal como se explicou anteriormente a realización brillante dunha proba de recuperación, valorada con un 9 por exemplo non permite máis que obter un 6 a efectos de cualificación en conceptos. En 3ºESO (ponderado cun 70%) iso determinaría a obtención dun 4,2 en conceptos. Se o resto dos aspectos analizables fose o 0,8 que antes especificamos, si que chegaría ao aprobado porque tería un 5 final. Tal como está ponderado en conceptos cada curso, a nota máxima que pode obter un alumno/a despois dun proceso de recuperación (na convocatoria extraordinaria por exemplo) é un 7-NOT. Respecto á ESO, na etapa de bacharelato consérvase no departamento o mesmo proceder no proceso de avaliación e cualificación, cunha soa diferenza significativa: as probas de nivel, que non as contemplábase na ESO antes da nova orde de avaliación. Xa mencionamos que agora si que a introducimos en 4ºESO para axudar ao alumnado deste curso a obter a mellor nota posible porque agora a matrícula de honra concédese en base ás cualificacións obtidas só en 4ºESO e esta medida pode arranxar en parte esa nota en caso de que o alumnado se dese conta demasiado tarde desta posibilidade.

Na etapa do bacharelato está máis que xustificada a proba de nivel porque a media obtida nela repercutirá de xeito directo na nota final obtida despois das probas de ABAU condicionando o futuro académico do alumnado.

Entendemos que os cursos de bacharelato son máis esixentes e ao mellor o rendemento do alumnado non corresponde en determinados momentos coas súas capacidades. Para darlle a posibilidade de arranxar ese posible desfase temos deseñada unha proba que abrangue todos os contidos traballados no curso. A proba é GLOBAL, no se pode realizar con determinadas partes do temario. Ademais o nivel de dificultade é acorde á trascendencia da proba, coa cal se pretende demostrar nun día o que non se conseguiu demostrar en 9 meses. Consiste en 8 cuestións numéricas ou problemas que cubren todo o explicado no curso. Se se pretende obter un 10 en conceptos terase que realizar un exame perfecto. Se se realizan 7 problemas ben e se esboza algo do oitavo obterase un 9. Con só 7 perfectos e o outro en branco ou moi mal prantexado chegaríase ao 8. Con 6 ben e algo esbozado nalgún dos outros dous obteríase o 7 e con só 6 perfectos e 2 mal o alumno/a chegaría ao 6. Queda claro o nivel de dificultade do proceso xa que para subir algo a nota hai que facer ben, polo menos, 6 de 8 exercicios. Lembrar que obter un 10 nesta proba non se traduce necesariamente nun 10 de media no curso xa que estas probas só supoñen un 75% (en 1ºBAC) ou un 80% (en 2ºBAC) da nota final. Isto ten que quedar moi claro desde o primeiro día de curso porque en maio non hai volta atrás e a valoración polo traballo diario, por exemplo, xa é un aspecto irreversible a esas alturas do curso.

En 1º **Bacharelato** procurarase facer unha proba escrita por cada tema ou bloque temático. O peso de cada proba gardará a mesma proporción que a ponderación dada a cada bloque temático.

Bloque 1. A actividade científica.....	5%
Bloque 2. Aspectos cuantitativos da química.....	10%
<u>Bloque específico</u> Formulación e Nomenclatura Inorgánica.....	5%
Bloque 3. Reaccións químicas.....	18%
Bloque 4. Transformacións enerxéticas e espontaneidade das reaccións químicas.....	12%
Bloque 5. Química do carbono.....	10%
Bloque 6. Cinemática.....	15%
Bloque 7. Dinámica.....	15%
Bloque 8. Enerxía.....	10%

En 2º **Bacharelato**, farase unha proba escrita por cada tema que se vaia impartindo. A nota representativa das mesmas será a media PONDERADA entre as probas que dea tempo a ver en cada unha delas, tendo en conta o peso relativo de cada tema, o cal é análogo ao concedido nas matrices de especificacións publicadas no BOE para a realización das probas ABAU (o último, publicado no BOE do 13 de xaneiro de 2021).

Así na materia de Física contemplamos esta separación no temario, ao que se lle asigna o peso relativo seguinte:

1. Campo gravitatorio.....15%
2. Electrostática.....10%
3. Campo magnético.....10%
4. Indución electromagnética...10%
5. Ondas.....10%
6. Óptica física.....10%
7. Óptica xeométrica.....15%
8. Física Moderna:
 - Mecánica cuántica....5%
 - Relatividade.....5%
 - Física nuclear.....5%
 - Física de partículas...5%

En cada parcial o peso de cada tema (que levará aparelado o seu exame correspondente) calcularase segundo os temas impartidos. Por exemplo se no primeiro parcial somos quen de impartir os 3 primeiros temas o total de ponderación será un 35%, polo tanto o exame de campo gravitatorio suporá un $15/35 \times 100 = 43\%$ das notas obtidas nos exames. Como este supoñen unha ponderación do 80% da nota final, o exame de campo gravitatorio representará o $0,8 \times 43 = 34\%$ da nota global do parcial.

Na materia de Química imos dividir o temario nos seguintes 8 temas, coa esta ponderación:

1. Estrutura atómica.....6%
2. Táboa Periódica.....6%
3. Enlace químico.....12%
4. Cinética química.....10%
5. Equilibrio químico.....17%
6. Ácido-Base.....17%
7. Redox.....17%
8. Química Orgánica.....15%

Tal como explicamos antes para a materia de Física, dependendo dos temas vistos en cada parcial reaxustarase o peso de cada exame. Se nunha proba se examinan varios temas sumarase a ponderación de cada un deles. Por exemplo o normal e que os 3 primeiros temas se engloben nunha única proba, polo que o peso desta proba será do 25% da nota do curso.

En calquera curso o alumnado que se colla copiando no exame será valorado cun cero en dita proba.

En canto ao apartado de traballos de produción dáselle ao alumno a posibilidade de entregar un cada trimestre a fin de que sexa valorado segundo a ponderación pertinente, ou se así o prefire, entregar 1 só traballo durante o curso. Neste caso nos trimestres que non entregue nada a porcentaxe que lle corresponde acumularase no apartado de OBSERVACIÓN. O alumno/a ten que ter en conta que por parte do departamento só se vai esixir obrigatoriamente a entrega dun traballo de investigación ao longo do curso que terá unha parte de elaboración e outra de exposición pública. Queda a criterio do alumnado se quere entregar 1 só traballo e que sexa este o valorado ou ben entregar voluntariamente 1 cada trimestre, decidindo cal quere expoñer en público. En calquera caso indicar que o alumnado recibirá a principio de curso por correo electrónico a rúbrica que servirá de base para cualificar os traballos entregados.

A nota obtida despois de aplicar as ponderacións explicadas en cada curso será un indicativo da evolución do alumno/a no curso.

Se consegue acadar un 5 obterá avaliación positiva. En caso contrario terá que seguir someténdose a probas de recuperación e medidas de reforzo que lle permitan acadar os mínimos esixibles.

10. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Este apartado fai referencia ao que antes se denominaba co-evaluación, mediante a cal se trataba de ver cómo era a evolución do proceso de ensino-aprendizaxe, para poñer de manifesto onde había problemas e así poder establecer estratexias que permitisen melloralo.

No marco LOMCE imos facer esta labor aplicando unha rúbrica con 4 niveis na súa escala de logro e imos utilizar un simple cuestionario como instrumento de avaliación que permita situar o proceso nun nivel ou outro da escala. Por exemplo:

	Nivel 1: nada satisfactorio nada de acordo mal...	Nivel 2: Satisfactorio De acordo no esencial Aceptable...	Nivel 3: Máis que satisfactorio De acordo en case todo Ben...	Nivel 4: Excelente Totalmente de acordo Moi ben...
As clases están ben planificadas				
Nas clases hai moita participación do alumnado				
A avaliación non segue criterios moi obxectivos				
A relación do profesor co alumnado é:				
As explicacións son claras				
Cando se lle pide ao profesor que repita unha explicación non presenta ningún problema				
Hai problemas de comportamento durante as clases				
Facemos sempre o mesmo				
O xeito de dar as clases cambia en función das circunstancias....				
Hai pouco tempo para levar a cabo as probas escritas				
Nas clases vense contidos moi relacionados co mundo no que vivimos				
Nun posible confinamento, a atención por parte do profesor foi boa				

As respostas de todo o alumnado determinará en que nivel de logro está cada ítem presentado (pode haber máis que os presentados por suposto, ou outros distintos...). Despois de facer unha media coas respostas obtidas, aqueles ítems que estean no nivel 1 será motivo de sobra para reorganizar o aspecto organizativo ou curricular ao que faga referencia.

11. Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores.

No punto 1 do artigo 11 da orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021-2022, establécese que o alumnado con materias pendentes será convocado a unha proba final no mes de maio de 2022, aínda que as notas reflectiranse nas actas de avaliación da convocatoria ordinaria e, se é preciso, na convocatoria extraordinaria (decreto 86/2015, punto 3 da disposición adicional 5ª dos documentos de avaliación). O alumnado de 2ºBAC con materias pendentes terá as probas de recuperación en función das probas ABAU. Dada a modificación imposta pola última orde de

avaliación o alumnado de ESO non terá avaliación extraordinaria, polo que se non se obtén cualificación positiva nunha materia pendente tralas probas realizadas ata o mes de maio, traballarase na súa recuperación no período comprendido entre o 6 e o 22 de xuño, poñéndose a cualificación correspondente na avaliación FINAL. No bacharelato, ao seguir conservando a convocatoria extraordinaria, déixase a planificación como estaba.

De tódolos xeitos, tal como é costume neste centro, faráselles un control do traballo feito cada trimestre, para ir recuperando paulatinamente os contidos do curso pendente, de tal maneira que se conseguen a avaliación positiva por parciais quedarán exentos de facer a proba final en maio. Normalmente estas probas terán lugar na semana seguinte á avaliación correspondente para non facer coincidir os exames do curso actual cos de pendentes. Este curso 2021-22 o departamento só ten 3 alumnos coa física e química pendente de cursos anteriores. Trátase dun alumno que cursará 2ºBAC coa FeQ pendente de 1ºBAC e dous de 4ºESO que teñen pendente a FeQ de 3ºESO.

Para superar a materia pendente terá que:

- Entregar unha copia escrita de 3 ou 4 temas do libro de texto (O departamento subministrarlle un exemplar no caso de non posuílo) que traten os contidos vistos o curso pasado, o cal constituirá o **25%** da nota final.
- Facer unha proba escrita, que consistirá en responder a unha serie de cuestións ou resolver unha serie de problemas, elixidos entre unha lista subministrada previamente polo departamento para traballar na casa, e que estarán relacionados cos estándares de aprendizaxe máis conceptuais vistos no curso pendente, sobre todo os esenciais. Esta parte constituirá o **50%** da nota.
- Elaborar un traballo de busca bibliográfica segundo as normas propias dun informe científico e que tratará sobre un tema que o alumno/a lle pareza interesante relacionado coa ciencia. Este traballo suporá o **25%** da nota final.

É necesario finalmente obter un 5 para considerar superada a materia.

Se non se aproba por parciais, o alumno/a terá dereito a unha proba global no mes de maio e a un reforzo extra no mes de xuño para determinar mediante outra proba a súa cualificación final despois da sesión de avaliación do 22 de xuño. Lémbrese que nestas probas só se avaliarán estándares conceptuais, que constitúen o 50% da nota, tal como se especificou anteriormente. O traballo e as copias do libro poderaas entregar tamén antes das datas establecidas para as distintas sesións de avaliación.

Tanto alumnado como pais recibirán esta información a principio de curso polas vías axeitadas.

12. Avaliación inicial.

Na primeira semana de curso, se o docente así o considerase oportuno pola falta de coñecemento previo que teña do seu alumando, farase unha proba obxectiva para intentar situar o punto de partida nas explicacións en cada curso.

Para completar os resultados, botaríase man dos informes que se teñan do curso anterior para ver se estamos perante un alumno/a con problemas de aprendizaxe, que habería que apoiar con probas obxectivas e observación diaria para realizar un diagnóstico máis acertado, informando das posibles

actuacións que disto se derive, na sesión de avaliación inicial, que se soe levar a cabo a mediados de outubro. De confirmarse neste período dificultades graves no proceso de ensinanza-aprendizaxe dun alumno/a, porase en coñecemento do departamento de orientación para estudar a posibilidade de levar a cabo un reforzo específico por parte do especialista en pedagogía terapéutica, ou de ser necesario, aplicar unha medida extraordinaria como unha adaptación curricular individualizada (ACI).

13. Medidas de atención á diversidade.

Os informes contidos no expediente de cada alumno/a, as informacións do departamento de orientación e as conclusións derivadas das sesións de avaliación inicial deberían ser suficientes para detectar problemas relacionados coa aprendizaxe dun alumno/a. En tal caso, procederíase a intentar reforzar as explicacións con métodos alternativos, que pasasen, principalmente, pola atención personalizada nos tempos de lecer ou en calquera outra momento axeitado, botando man do material axeitado, sempre en estreita colaboración co departamento de orientación. Estas medidas poden ir desde flexibilizar os tempos na realización de probas escritas, adaptación do formato elixido para levar a cabo as explicacións, elixir outros espazos para explicar ou examinar, adoptar outros instrumentos de avaliación...Dentro deste grupo poderíamos ter alumnos estranxeiros, con problemas de audición ou visión, dislexia, TDAH, de altas capacidades... ou o caso máis habitual, alumno/a con problemas de aprendizaxe que non é quen de acadar os mínimos esixibles.

Se as necesidades educativas fosen máis graves pasaríase a solicitar axuda por parte da especialista en pedagogía terapéutica ou a elaborar unha adaptación curricular individualizada (ACI), medidas que poden implicar xa unha redución de contidos a nivel curricular. Neste senso terase moi presente a circular 8/2009 e o decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regulan este tipo de medidas. O desenvolvemento deste decreto non foi publicado no DOG ata o 26 de outubro de 2021, xa empezado o curso, mediante a orde do 8 de setembro de 2021.

Neste curso 2021/22 non hai constancia de moitos casos con necesidades educativas de apoio educativo. En 4ºESO hai un alumno que recibiu en cursos anteriores apoio dentro da aula e estivo exento de Francés en 1º e 2º ESO. Ten problemas de socialización pero no que se leva de curso non se aprecia diferenza significativa de aprendizaxe respecto aos compañeiros. 3ºESO temos dous alumnos diagnosticados con TDAH cos que se poñen en práctica unha serie de modificacións puntuais da metodoloxía (flexibilización de tempos, presentación paulatina das probas escritas sinalando os puntos clave...). Hai outro con dificultades importantes de aprendizaxe e dislexia que xa recibiu apoio en cursos anteriores, aplicándosele tamén a exención de Francés en 1º e 2º ESO. Por outra banda tamén hai outro alumno que manifestou en cursos anteriores altas capacidades e co que se poden aplicar alternativas metodolóxicas que lle permitan poñelas a proba.

Se durante o curso xorden outros casos que precisen de algún tipo de medida de atención teremos presente o abano de posibilidades que contempla a lei, en función da gravidade da actuación, e que a continuación se presentan:

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> • Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula. <ul style="list-style-type: none"> a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc. b) Espazos diferenciados. c) Materiais e recursos didácticos diferenciados. • Desdoblamento de grupos. • Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> • Adaptacións metodolóxicas para algún alumno/grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc. • Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a. • Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias. • Programa específico para alumnado repetidor da materia. • Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.
Medidas extraordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> • Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL. • De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro). • De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro). • Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • Adaptacións curriculares na materia. • De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia. • Alumnado con flexibilización na escolarización. • Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc.
Medidas excepcionais	
Escolarización do alumno/a en centros de educación especial.	

14. Os temas transversais.

O Real Decreto 1105/2014 e o Decreto 86/2015 establece os seguintes “temas transversais”:

- Comprensión lectora
- Expresión oral e escrita
- Comunicación audiovisual
- Tecnoloxías da información e da comunicación (TICs)
- Emprendemento
- Educación cívica e constitucional

Que serán tratados desde o punto de vista de todas as materias en maior ou menor grao, independentemente de que formen partes dos currículos específicos dalgunhas delas.

Así mesmo tamén se mencionan outros coma:

- Igualdade de xénero
- Non discriminación por diferentes causas
- Resolución pacífica de conflitos
- Educación e seguridade viaria
- Educación medio ambiental e desenvolvemento sostible
- Vida saudable

Os temas transversais impregnan o currículo de todas as materias tamén xogan un papel importante nesta materia pola estreita relación que garda coa realidade. Así, a igualdade entre sexos dá pé a falar do importante papel da muller na investigación científica. O coidado do medio ambiente é inmanente á química. A resolución pacífica de conflitos pode dar pé a falar da enerxía nuclear. O emprendemento é unha calidade inherente o progreso científico, as TICs son esenciais na investigación e comunicación científica... En 4ºESO e Bacharelato a educación viaria está moi presente do desenvolvemento do tema de cinemática (velocidade, aceleración, distancias de freado e tempos de reacción...) Poden atoparse todas estas relacións na redacción de diferentes estándares de aprendizaxe da FeQ en cada curso por iso o traballo destes aspectos transversais ao currículo de física e química farase cando se traballe o estándar de aprendizaxe co que está relacionado.

13. Actividades complementarias e extraescolares.

Esta parte da formación integral do alumnado vaise ver moi mermado pola situación actual COVID19. Non se descarta facer algunha visita se as circunstancias sanitarias do momento así o permiten, así como a asistencia a algunha charla informativa.

O día 24 de xaneiro, conmemórase o día internacional da educación e o departamento tratará de desenvolver algunha actividade relacionada.

Tamén se ten prevista en 3ºESO unha visita aos laboratorios da Universidade da Coruña para asistir a unha sesión maxistral da man da catedrática de química inorgánica M^a Teresa Rodríguez Blas, sempre que as circunstancias COVID o permitan.

14. Procedementos para avaliar a programación.

No punto 8 xa se indicaba que mediante un sistema de rúbricas podía avaliarse o proceso de ensino-aprendizaxe proposto nesta programación.

Entendo que os resultados derivados da avaliación poden provocar que esta programación sexa sometida a revisión e modificada, se así se considera oportuno.

Por outra banda os resultados académicos obtidos polo alumnado tamén poden provocar este tipo de efectos sobre a programación. Un índice de suspensos moi alto faranos reflexionar sobre a adecuación ao alumnado dos contidos impartidos, da metodoloxía empregada ou do sistema de avaliación utilizado.

Cada trimestre analizaranse en Comisión de Coordinación Pedagóxica os resultados obtidos, poñéndose en marcha as modificacións oportunas se consideramos que pode deberse a defectos na programación.

Na memoria de fin de curso reflectiranse os resultados globais que servirán para programar o curso seguinte. Pódense recoller nunha táboa de indicadores coa súa escala de logro similar á seguinte:

	Escala			
	1 Moi mal	2 correcto	3 ben	4 Moi ben
1. Impartíronse todos os contidos previstos				
2. As actividades pensadas para traballar os estándares foron axeitadas				
3. Os instrumentos de avaliación elixidos adecuáronse aos estándares implicados				
4. A distribución de estándares por avaliación foi correcta				
5. A ponderación concedida a cada instrumento de avaliación foi correcta				
6. A redacción de probas escritas resultou axeitada e representativa				
7. A atención a alumnado con NEAE foi apropiada				
8. Os recursos didácticos e materiais foron suficientes e axeitados				
9. As actividades extraescolares e complementarias programadas foron axeitadas				
10. Os medios empregados para a difusión da programación dentro da comunidade educativa foron suficientes				
11 O emprego das TIC dentro da materia de FeQ foi salientable				
12. Os mecanismos de recuperación de materias pendentes foron axeitados				
Observacións:				

EPIGRAFES ADICIONAIS:

15.Fomento da lectura.

A lectura dun libro de carácter científico en todo o curso será recomendada para cada alumno/a. A xustificación desta medida está baseada na adquisición dunha mellor competencia lingüística, unha das 7 recollidas na LOMCE, e para a que cada curso de FeQ de ESO e Bacharelato contén unha serie de estándares de aprendizaxe relacionados con ela (ver punto 2 desta programación). Ademais, dentro do plan lector do centro resérvase un tempo semanal dedicado á lectura. Evidentemente o tipo de lectura intentarase que sexa de carácter científico. A modo de suxestión propóñense diferentes lecturas en función do nivel educativo, as cales se especifican nas miniprogramacións feitas para as familias. A guía de lectura completa que o departamento confeccionou é esta:

	Título	Autor	Editorial
P S E U D O C	Ciencia o Vudú	Robert L. Park	DeBolsillo
	El hombre que calumnió a los monos y otras curiosidades de la ciencia	Miguel Angel Sabadell	Acento
	13 cosas que no tienen sentido	Michael Brooks	Ariel
	Las mentiras de la ciencia ¿Por qué y cómo engañan los científicos?	Federico di Trocchio	Alianza Editorial
	La homeopatía ¡vaya timo!	Victor Javier Sanz	Laetoli
	¿Tenían ombligo Adán y Eva?	Martin Gardner	Debate
	Ciencias y pseudociencias	Carlos Álvarez, Luís	Equipo Sirius

I E N C I A	Realidades y mitos	Díaz, José María Riol e Inés Rodríguez	
	La ciencia por gusto Una invitación a la cultura científica	Martín Bonfil Olivera	Paidos Ibérica
	El genio incomprendido	Federico di Trocchio	Alianza editorial
	Os dados do reloxeiro	Xurxo Mariño	Consello da cultura galega
D I V U L G A C I Ó N	Una Breve historia de casi todo	Bill Bryson	RBA
	Una muy breve historia de casi todo	Bill Bryson	RBA
	Hawking para principiantes	Joseph McEvoy-Oscar Zárate	Era Naciente SRL
	$E=mc^2$. Grandes ideas que formaron nuestro mundo	Pete Moore	LISMA
	Serendipia	Royston M. Roberts	Alianza Bolsillo
	Historias de la ciencia y del olvido	Oliver Sacks e outros...	Siruela
	¡Eureka!	Leslie A. Horvitz	Paidos ibérica
	Momentos estelares de la ciencia	Isaac Asimov	Alianza
	Breve historia de la química	Isaac Asimov	Alianza
	100 preguntas básicas sobre la ciencia	Isaac Asimov	Alianza
	Los niños en la cocina	Hervé This	Acribia
Elementos esenciales: átomos, quarks y la tabla periódica- La aventura de la ciencia	Matt tweed	ONIRO	

	Astronomía práctica e outras cousas	Ramón Vilalta	Toxosoutos
	El Tío Tungsteno	Oliver Sacks	Anagrama
	Cosmos	Carl Sagan	Planeta
N O V E L A	Quantic Love	Sonia Fernández Vidal	La Galera
	La puerta de los tres cerrojos	Sonia Fernández Vidal	La Galera
	La clave secreta del Universo	Lucy and Stephen Hawking	Montena
	El origen del Universo	Lucy and Stephen Hawking	Montena
C U R I O S I D A D E	Tortilla quemada 23 raciones de química cotidiana	Claudi Mans	Rubes
	Cuestiones curiosas de química	F. Vinagre, R. Mulero e J.F. Guerra	Alianza Editorial
	Como mojar una galleta	Len Fisher	DeBolsillo
	Grandes cuestiones	Michael Brooks	Ariel
	El mundo de Max: La ciencia para todos	Javier Fernández Panadero	Páginas de espuma
	Ciencia Fascinante	Simon Torok- Paul Holper	Oniro
	Ciencia Extravagante	Simon Torok- Paul Holper	Oniro
	Ciencia Alucinante	Simon Torok- Paul Holper	Oniro
¿Por qué el cielo es azul?: La ciencia para todos	Javier Fernández Panadero	Páginas de espuma	

S	¿Por qué la nieve es blanca?: La ciencia para todos	Javier Fernández Panadero	Páginas de espuma
	Si Galileo levantara la cabeza	Oscar Giménez	Ma non troppo
	Lo que Einstein le contó a su barbero	Robert L. Wolke	Ma non troppo
	Cuestiones curiosas de ciencia	VV. AA.	Alianza Editorial
	Los porqués de la ciencia	VV. AA.	Ediciones SM
E X P E R I M E N T O S	Locos por la ciencia	Daniel Tatarsky	Grijalbo
	¡FUNCIONA! todo vai (III) Prácticas sinxelas de Física e Química	Ramón Vilalta	Baia
	El gran libro de los experimentos	Antonella Meiani	San Pablo
	Experimentos para entender el mundo	Javier Fernández Panadero	Páginas de espuma
C L Á S I C O S L I	Jurassic Park	Michael Crichton	Plaza y Janés
	Contact	Carl Sagan	Planeta
	La mosca	George Langelaan	Planeta
	La guerra de los mundos	H.G. Wells	Planeta
	1984-El gran Hermano te vigila	George Orwell	planeta
	¿Sueñan los androides con ovejas eléctricas?	Philip Dick	Planeta
	Un mundo feliz	Aldous Huxley	Plaza y Janés
	El momento del eclipse	Brian W. Aldiss	Minotauro
	Cita con Rama	Arthur C. Clark	Ultramar
La amenaza de Andrómeda	Michael Crichton	Ediciones B	

T	La isla del doctor Moreau	H.G. Wells	Alianza
E	Viaje al centro de la Tierra	Julio Verne	Valdemar
R	El planeta de los simios	Pierre Boule	Minotauro
A	El extraño caso del Dr Jekyll y Mr Hyde	Robert L. Stevenson	EDAF
R	Frankenstein	Mary Shelley	Mondadori
I	Despertares	Oliver Sacks	Anagrama
O			
S			

*A pesar de que todos os libros merecen a pena porque dun xeito ou outro conseguen transmitir unha historia ou expoñer uns argumentos cunha importante carga científica, en negriña salientamos os que nos parecen que, segundo a idade, son un bo comezo se un está decidido a somerxerse no mundo da literatura científica.

16. Fomento das TIC.

A utilización das novas tecnoloxías é constante nesta materia, principalmente polo uso que se lle da ás aplicacións informáticas interactivas (applets) na explicación dos temas, á busca de información en internet, ao emprego de sistemas de proxección audiovisuais, etc. Concédolle un peso bastante importante ao dominio das novas tecnoloxías como camiño para comprender o desenvolvemento científico e tecnolóxico no que estamos sumidos. Levarase a cabo unha comunicación directa alumno-profesor mediante correo electrónico. Este medio será empregado principalmente para envío de documentación pero tamén se pode usar como canal de dúbidas, curiosidades, novas científicas, etc. Non obstante é a situación actual que estamos a vivir provocada polo COVID19 a que nos forza a darlle un papel fundamental ao dominio da comunicación dixital pola ameaza constante dun segundo confinamento que provocaría un cambio a un escenario de ensinanza telemática. Neste senso, no departamento traballaríase na ESO a través da aula virtual e no bacharelato na suite de Google Classroom.

17. Contribución ao plan de convivencia.

De xeito transversal, a materia de Física e Química, permite tratar diferentes temas implicados na mellora da convivencia no centro. Un deles é o traballo en grupo e as normas que deben rexer a cooperación entre os seus integrantes, o cal se observa principalmente no laboratorio ou nos traballos de investigación colectivos. Por outra banda o xeito de traballar en ciencia ten o seu propio método, moi característico, e dentro das calidades que o caracterizan está a responsabilidade e a honradez na presentación de resultados, o cal coincide co tipo de alumnos que se pretende formar. Todos estes aspectos obsérvanse moi ben no día a día, no tipo de intervencións en clase por parte do alumnado, e cando estas están fóra de lugar sempre nos paramos uns minutos a reflexionar sobre elas. Por último hai un aspecto que sempre xurde nestas clases a raíz das explicacións teóricas: a física nuclear, as bombas atómicas, a guerra...a ameaza nuclear sempre abre un debate no que esta materia pode achegar moito respecto á convivencia, ben sexa nun centro escolar, ben sexa nun país, que ao final, basicamente é o mesmo.

Evidentemente as circunstancias extraordinarias que estamos a vivir debido ao COVID19 converte aspectos científicos como a hixiene de mans, o distanciamento social, a aireación de espazos pechados ou o uso de tapabocas en protagonistas de debate nun contexto de convivencia e relación que, na medida do posible, debe ser abordado nesta materia, poñendo sempre de manifesto a importancia que ten a ciencia e o seu traballo nestes tempos de incerteza e desacougo. Este curso 2021/22 os aspectos curriculares teñen que seguir cedendo protagonismo a aqueles que fomenten a convivencia e coiden a hixiene mental dun alumnado que lle tocou vivir un marco educativo complicado.

18. Contribución ao proxecto lingüístico.

A materia impártese por lei en castelán. Aínda que no día a día a comunicación oral na aula implica o uso indistinto do galego e o castelán, en función dos interlocutores implicados, as probas escritas e documentos oficiais procúranse entregar na lingua vehicular, que é a castelá. Hai que sinalar que é moi habitual, debido ao carácter interfronteirizo da ciencia, que xurdan conceptos de orixe anglosaxón, ou incluso se trate algún texto en inglés, o cal permite incidir na importancia que esta lingua ten na comunicación de resultados en ciencia e entre pobos.

19. Difusión e publicidade de información.

Toda a información relativa ao departamento, sobre todo en referencia a datas de exames, contidos dos mesmos, criterios de avaliación, plans de recuperación para pendentos, resultados académicos...serán expostos nos taboleiros existentes en cada clase, así como tamén no portal educativo que o colexio ten na rede, cuxa dirección é:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos/>

O xefe de departamento, dispón dunha hora semanal para atender a pais ou alumnos, o luns ás 12:45h a 13:35h.



Asdo Juan José Guillín Fraga
Profesor de Física e Química-Xefe de Departamento de FeQ
IES de Mugardos-Mugardos